

**PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO DE  
ECONOMÍA**

**I.E.S. FERNANDO ESQUÍO**

**CURSO 2021/22**

# **ÍNDICE**

## **Economía 2º Bacharelato**

1. Introducción e contextualización
2. Obxectivos
  - 2.1. Obxectivos xerais de Bacharelato.
  - 2.2. Obxectivos xerais da materia.
  - 2.3. Concreción dos obxectivos para o curso.
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxectivos, contidos, competencias clave, temporalización e criterios de avaliación.
  - 4.1. Distribución dos contidos en unidades didácticas.
  - 4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
5. Metodoloxía.
  - 5.1. Orientacións metodolóxicas.
  - 5.2. Estratexias de ensino-aprendizaxe.
  - 5.3. Adaptación da metodoloxía a posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Avaliación.
  - 7.1. Criterios de avaliación.
  - 7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.
  - 7.3. Criterios de cualificación.
  - 7.4. Procedementos para avaliar os coñecementos previos.
  - 7.5. Actividades de ampliación e reforzo para alumnos coa materia pendente.
  - 7.6. Procedementos de avaliación e criterios de cualificación ante posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.
8. Medidas de atención á diversidade.

9. Tratamento de elementos transversais.
10. Tratamento do fomento da lectura e do fomento das TICs.
11. Actividades complementarias e extraescolares previstas.
12. Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios.
13. Procedementos de avaliación da programación e da práctica docente

## **Economía 1º Bacharelato .**

1. Introducción e contextualización.
2. Obxectivos.
  - 2.1. Obxectivos xerais de Bacharelato.
  - 2.2. Obxectivos xerais da materia.
  - 2.3. Concreción dos obxectivos para o curso.
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxectivos, contidos, competencias clave, temporalización e criterios de avaliación.
  - 4.1. Distribución dos contidos en unidades didácticas.
  - 4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
5. Metodoloxía.
  - 5.1. Orientacións metodolóxicas.
  - 5.2. Estratexias de ensino-aprendizaxe.
  - 5.3. Adaptación da metodoloxía a posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Avaliación.
  - 7.1. Criterios de avaliación.
  - 7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.
  - 7.3. Criterios de cualificación.
  - 7.4. Procedementos para avaliar os coñecementos previos.
  - 7.5. Actividades de ampliación e reforzo para alumnos coa materia

pendente.

7.6. Procedementos de avaliación e criterios de cualificación ante posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.

8. Medidas de atención á diversidade.

9. Tratamento de elementos transversais.

10. Tratamento do fomento da lectura e do fomento das TICs.

11. Actividades complementarias e extraescolares previstas.

12. Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios.

13. Procedementos de avaliación da programación e da práctica docente

## **Economía 4º ESO**

1. Introducción e contextualización.

2. Obxectivos.

2.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.

2.2. Obxectivos xerais da materia.

2.3. Concreción dos obxectivos para o curso.

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxectivos, contidos, competencias clave, temporalización e criterios de avaliación.

4.1. Distribución dos contidos en unidades didácticas.

4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

5. Metodoloxía.

5.1. Orientacións metodolóxicas

5.2. Estratexias de ensino-aprendizaxe

5.3. Adaptación da metodoloxía a posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.

6. Materiais e recursos didácticos.

7. Avaliación.

- 7.1. Criterios de avaliación.
- 7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- 7.3. Criterios de cualificación.
- 7.4. Procedementos para avaliar os coñecementos previos.
- 7.5. Actividades de ampliación e reforzo para alumnos coa materia pendente.
- 7.6. Procedementos de avaliación e criterios de cualificación ante posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.
8. Medidas de atención á diversidade.
9. Tratamento de elementos transversais.
10. Tratamento do fomento da lectura e do fomento das TICs.
11. Actividades complementarias e extraescolares previstas.
12. Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios.
13. Procedementos de avaliación da programación e da práctica docente

## **Iniciación á actividade emprendedora e empresarial 4º ESO**

1. Introducción e contextualización.
2. Obxectivos.
  - 2.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.
  - 2.2. Obxectivos xerais da materia.
  - 2.3. Concreción dos obxectivos para o curso.
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxectivos, contidos, competencias clave, temporalización e criterios de avaliación.
  - 4.1. Distribución dos contidos en unidades didácticas.
  - 4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
5. Metodoloxía.
  - 5.1. Orientacións metodolóxicas.

- 5.2. Estratexias de ensino-aprendizaxe.
- 5.3. Adaptación da metodoloxía a posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Avaliación.
  - 7.1. Criterios de avaliación.
  - 7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.
  - 7.3. Criterios de cualificación.
  - 7.4. Procedementos para avaliar os coñecementos previos.
  - 7.5. Actividades de ampliación e reforzo para alumnos coa materia pendente.
  - 7.6. Procedementos de avaliación e criterios de cualificación ante posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.
8. Medidas de atención á diversidade.
9. Tratamento de elementos transversais.
10. Tratamento do fomento da lectura e do fomento das TICs.
11. Actividades complementarias e extraescolares previstas.
12. Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios.
13. Procedementos de avaliación da programación e da práctica docente

## **Iniciación á actividade emprendedora e financeira 2º ESO**

1. Introducción e contextualización.
2. Obxectivos.
  - 2.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.
  - 2.2. Obxectivos xerais da materia.
  - 2.3. Concreción dos obxectivos para o curso.
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxectivos, contidos, competencias clave, temporalización e criterios de

avaliación.

4.1. Distribución dos contidos en unidades didácticas.

4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

5. Metodoloxía.

5.1. Orientacións metodolóxicas.

5.2. Estratexias de ensino-aprendizaxe.

5.3. Adaptación da metodoloxía a posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.

6. Materiais e recursos didácticos.

7. Avaliación.

7.1. Criterios de avaliación.

7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.

7.3. Criterios de cualificación.

7.4. Procedementos para avaliar os coñecementos previos.

7.5. Actividades de ampliación e reforzo para alumnos coa materia pendente.

7.6. Procedementos de avaliación e criterios de cualificación ante posibles situacións de semipresencialidade e non presencialidade derivadas da incidencia da covid-19.

8. Medidas de atención á diversidade.

9. Tratamento de elementos transversais.

10. Tratamento do fomento da lectura e do fomento das TICs.

11. Actividades complementarias e extraescolares previstas.

12. Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios.

13. Procedementos de avaliación da programación e da práctica docente

Composición do Departamento.

Anexo I: Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

Anexo II: Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

# **ECONOMÍA DA EMPRESA**

## **2º BACHARELATO**



# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns

resultados.

A materia permite o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

## **2. OBXECTIVOS**

### **2.1. OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento personal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da

comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuirá á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **2.2. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA**

- a) Analizar as características máis relevantes e o funcionamento económico global dos distintos tipos de empresa, identificando as súas funcións, obxectivos, organización, a investigación, o papel das innovacións tecnolóxicas e as principais normas xurídicas que as afectan.
- b) Apreciar o papel das empresas na satisfacción das necesidades das persoas consumidoras e no aumento da calidade de vida e benestar da sociedade, así como elaborar xuízos ou criterios persoais sobre as súas disfuncións.
- c) Valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial, así como a súa responsabilidade no esgotamento dos recursos naturais,

sinalando a súa repercusión na calidade de vida das persoas.

- d) Identificar as consecuencias que, para as empresas e a sociedade, ten a globalización da economía e as posibles liñas de conduta que se deben adoptar fronte ao fenómeno, adquirindo conciencia das desigualdades e efectos que este xera.
- e) Identificar os dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores, valorando a necesidade que estes colectivos e a sociedade teñen de acadar un elevado grao de conciliación da vida laboral e familiar. A súa relación cos obxectivos empresariais.
- f) Valorar a importancia da seguranza e hixiene no traballo e da prevención dos riscos laborais.
- g) Analizar o funcionamento de organizacións e grupos en relación coa aparición e resolución de conflitos.
- h) Analizar as distintas políticas de márketing que adoptan as empresas segundo os mercados a que se dirixen, valorando os límites éticos que as devanditas políticas deben considerar.
- i) Establecer, de modo xeral, os datos máis relevantes da información contida nas contas anuais dunha empresa e interpretar a información transmitida.
- j) Identificar as principais fontes de financiamento das empresas, analizando as diferentes opcións posibles.
- k) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación e mais outros medios, obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial internacional, nacional e local e facer unha valoración crítica delas.
- l) Amosar iniciativa, creatividade, autonomía persoal e participación activa no deseño, planificación e elaboración dun pequeno proxecto empresarial utilizando para a súa elaboración medios informáticos.
- m) Analizar a actividade económica das empresas, en especial as galegas, a partir das súas áreas de organización, relacións internas e a súa dependencia externa. Valorar a importancia que para a economía galega teñen as pequenas e medianas empresas, así como as cooperativas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.

## 2.3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

1. Coñecer o concepto de empresa e as súas características
2. Resumir as distintas visións do empresario no pensamento económico
3. Identificar nalgún caso concreto algunha das teorías sobre o papel do empresario
4. Analizar a influencia de todos e cada un dos elementos que forman a estrutura da empresa e comentar as funcións e obxectivos das mesmas
5. Describir a natureza dos distintos tipos de empresa
6. Identificar os distintos criterios de clasificación de empresas
7. Relacionar a responsabilidade dos socios e a forma xurídica
8. Coñecer as funcións do rexistro mercantil e os trámites de constitución das sociedades
9. Identificar os factores máis destacados do contorno e a influencia que os elementos do contorno exercen sobre no funcionamento da empresa
10. Identificar as 5 forzas competitivas de Porter
11. Analizar as ameazas, oportunidades, fortalezas e debilidades das empresas do contorno
12. Comprender as normas mercantís e laborais máis importantes que afecta á actividade da empresa
13. Describir a actividade produtiva da empresa e identificar os inputs e outputs do sistema produtivo
14. Observar a actividade empresarial como xeradora de utilidade social a través dos bens e servizos que oferta
15. Analizar as variables que inciden nos indicadores de produtividade
16. Coñecer os distintos tipos de organización dos procesos produtivos
17. Clasificar e calcular os distintos tipos de custos e coñecer o seu proceso de formación
18. Analizar, calcular e representar graficamente os ingresos, custos e beneficios dunha empresa
19. Achar desde o punto de vista técnico e gráfico o punto morto dunha empresa,

- identificando as zonas de perdas e ganancias
20. Identificar os elementos básicos de que depende a localización empresarial
  21. Identificar os criterios que se empregan para establecer a dimensión das empresas
  22. Analizar as vantaxes e inconvenientes das PEMES fronte as grandes empresas
  23. Inferir na necesidade de organización das empresas e distinguir as distintas funcións do proceso de dirección
  24. Coñecer as diferenzas que existe entre un líder e un directivo
  25. Apreciar a importancia do factor humano para unha empresa
  26. Identificar as distintas modalidades de contratos de traballo e o contido dos mesmos
  27. Coñecer os dereitos e obrigacións derivados da relación laboral e os motivos esenciais da modificación, suspensión e extinción do contrato
  28. Interpretar os diferentes estados de equilibrio financeiro
  29. Entender que é o plan de contabilidade, cal é a súa función e os principais elementos que o compón
  30. Elaborar contas de resultados a partir de información sobre o patrimonio
  31. Elaborar balances de situación de empresas concretas
  32. Distinguir entre os conceptos de resultado de explotación, resultados financeiros, resultados antes e despois de impostos e entender o seu significado e importancia para o estudo da empresa
  33. Entender o concepto de fondo de manobra, saber calculalo e interpretalo, deducindo a partir del os diferentes estados de equilibrio financeiro
  34. Determinar a situación da empresa mediante a análise de porcentaxes e os principais ratios e propoñer medidas de mellora
  35. Diferenciar entre investimento económico e investimento financeiro
  36. Clasificar os distintos tipos de investimento segundo a súa función na empresa
  37. Identificar as finalidades das técnicas de investigación de mercados
  38. Analizar a segmentación de mercados, as vantaxes e inconvenientes que presenta e qué variables interveñen na súa realización.

### 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Dende a materia de Economía de Empresa contribuírase ó desenvolvemento das Competencias Clave.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT):** esta competencia implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir e interpretar determinados contextos, isto implica o coñecemento e emprego dunha serie de ferramentas matemáticas. Por exemplo traballaremos esta competencia cando fagamos cálculos sobre custos de almacenamento, punto morto ou interpretación das fontes de financiamento.
- **Competencia para aprender a aprender (CPAA):** supón a habilidade para iniciar e organizar o aprendizaxe, conseguir que os alumnos consigan unha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónomo. Require destrezas como a reflexión, análise e toma de conciencia. Traballaremos esta competencia debatindo noticias económicas, resolvendo casos prácticos e comentarios críticos sobre as empresas.
- **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):** implica coñecer, comprender e valorar con espírito crítico as diferentes manifestacións culturais e artísticas. Contribuírase a esta competencia mediante a análise do contorno da empresa, de cómo se relaciona a empresa co seu entorno en cuestións culturais e medioambientais.
- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** implica a capacidade para interaccionar, é a acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas. Refírese tanto a comunicación oral, como a escrita e a comunicación audiovisual. Esta competencia traballase mediante a realización de debates, reprodución de vídeos sobre exemplos de empresas e a realización dun proxecto no que os alumnos deben desenrolar un dossier sobre a posta en marcha dunha empresa.
- **Competencia dixital (CD):** uso creativos, crítico e seguro das tecnoloxías da comunicación e información, conleva o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Por exemplo trabállase esta competencia cando acudimos a aula de informática para realizar buscas relacionadas con empresas, cando traballamos co blog da materia ou cando vemos os principais indicadores económicos a través de páxinas web.

- **Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CIEE):** refírese á capacidade para recoñecer oportunidades relacionadas con actividades persoais, profesionais e comerciais. Require capacidade de análise, de planificación, organización, xestión e toma de decisións, ademais require, a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa. Contribúese a esta competencia mediante a creación do proxecto empresarial no que os alumnos teñen que crear un negocio, mediante exemplos de emprendedores e mediante o debate. Ademais o departamento organiza unhas xordanas sobre o fomento do espírito emprendedor onde se traen persoas que levaron a cabo iniciativas emprendedoras.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** habilidade para empregar os coñecementos para interpretar fenómenos e problemas sociais, relaciónase co benestar persoal e colectivo. Trabállase mediante a concienciación das empresas co entorno e no tema de resolución de conflitos e recursos humanos.

#### 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Economía da Empresa. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
Bloque 1. A empresa					
- a - d - i - l - m	B1.1. A empresa e o/a empresario/a. B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B1.3. Clases de empresas. B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial.	B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as xestores/as, e as esixencias de capital.	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. EEB1.1.3. Analiza un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, eo seu carácter público ou privado.	- CD - CMCCT - CSIE  - CD - CMCCT  - CAA - CD - CMCCT	3 clases  2 clases  4 clases



			EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	-CCL -CSIEE	2 clases
- a - d - h - i - l - m - p	B1.5. Contorno da empresa. B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. B1.7. Funcionamento e creación de valor.	B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade.	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.  EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.  EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	-CD -CMCCT -CSC -CSIEE  - CD - CSC - CSIEE  -CSC -CSIEE	3 clases  2 clases  2 clases
<b>Bloque 2. Desenvolvemento da empresa</b>					
- d - i - l - m	B2.1. Localización e dimensión empresarial. B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo. B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado. B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía. B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento.	B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.	EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.  EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.  EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.  EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.  EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.  EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.  EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	- CCL - CMCCT  - CD - CMCCT - CSIEE  - CCL - CMCCT - CSIEE  - CAA - CD - CMCCT  - CSC - CSIEE  - CCL - CSC - CMCCT  - CD - CMCCT - CSC	2 clases  2 clases  1 clase  2 clases  2 clases  2 clases  1 clase



			EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	- CD - CMCCT	3 clases
			EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	- CMCCT - CSIEE	2 clases
- i - l - m	B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios.	B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión.	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	- CD - CMCCT	2 clases
			EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	- CD - CMCCT	4 clases
			EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficacia dunha empresa.	- CMCCT - CSIEE	3 clases
<b>Bloque 5. A función comercial da empresa</b>					
- d - h - i - l - m	B5.1. Departamento comercial da empresa. B5.2. Concepto e clases de mercado. B5.3. Técnicas de investigación de mercados. B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados. B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial. B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing.	B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. EEB5.1.3. Interpreta e valora as estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. EEB5.1.4. Comprende a explicación das fases e as etapas da investigación de mercados. EEB5.1.5. Aplica os criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden do desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	- CSIEE  - CAA - CD - CMCCT  - CD - CMCCT - CSC - CSIEE  - CCL - CMCCT  - CD - CMCCT - CSC	2 clases  2 clases  2 clases  3 clases  2 clases  2 clases  2 clases
<b>Bloque 6. A información na empresa</b>					
- d - g - h - i - l - m	B6.1. Obrigas contables da empresa. B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración. B6.3. Resultados da empresa. B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel. B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias. B6.6. Análise e	B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica e os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	- CMCCT - CSIEE  - CMCCT  - CAA	2 clases  4 clases  2 clases

	interpretación da información contable.		EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos.	- CMCCT	2 clases
			EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	- CAA - CSIEE	2 clases
			EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	- CMCCT - CD	3 clases
			EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	- CMCCT - CSIEE	1 clase
			EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	- CAA - CSIEE	1 clase
			EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	- CD - CMCCT	3 clases
			EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	- CD - CMCCT - CSIEE	2 clases
- a - c - d - h - i - l - m	B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave a estrutura e do seu funcionamento.	B6.3. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan ás empresas.	EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	- CMCCT - CSIEE	2 clases
			EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	- CCL - CMCCT	2 clases
			EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	- CSC	1 clase
<b>Bloque 7. A función financeira</b>					
- d - g - i - m	B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa. B7.2. Concepto e clases de investimento. B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento. B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. B7.5. Ciclos da empresa. B7.6. Período medio de maduración.	B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a selección das alternativas máis vantaxosas, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada.	EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valora actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para a empresa. EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	- CD - CSIEE - CMCCT  - CD - CMCCT  - CCL - CMCCT  - CAA - CD - CMCCT	2 clases  4 clases  2 clases  1 clase

		EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	- CAA - CMCCT - CSIEE	1 clase
		EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	- CMCCT - CSIEE	1 clase
		EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	- CAA - CMCCT	1 clase
		EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	- CD - CMCCT	1 clase
		EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	- CCL - CMCCT - CSIEE	1 clase
		EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos medios de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	- CMCCT - CAA - CD	1 clase

## 4.1. DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS EN UNIDADES DIDÁCTICAS

### A empresa.

- A empresa, as empresarias e os empresarios.
- Clasificación, elementos, funcións e obxectivos da empresa.
- Análise do marco xurídico que regula a actividade empresarial: normas mercantís, laborais e fiscais. As diferentes formas xurídicas das empresas.
- Funcionamento e creación de valor nas empresas. As diferentes áreas de actividade.
- Influencia do contorno xeral e específico na empresa.
- Valoración da responsabilidade social e ambiental da empresa.

### Desenvolvemento da empresa.

- Análise dos factores de localización e dimensión da empresa.
- Consideración da importancia das PEME e das súas estratexias de mercado.
- Estratexias de crecemento interno e externo.
- A internacionalización, a competencia global, a influencia do desenvolvemento das

tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas.

- Identificación dos aspectos positivos e negativos da empresa multinacional.
- Consideración da importancia das cooperativas como motores de desenvolvemento económico e social.

### **Organización e dirección da empresa.**

- A división técnica do traballo e a necesidade de organización no mercado actual.
- Funcións básicas da dirección.
- Planificación e toma de decisións estratéxicas.
- Deseño e análise da estrutura da organización formal e informal.
- Os sistemas de xestión da calidade na empresa.
- A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.
- O contrato de traballo. Dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores. A conciliación da vida laboral e familiar.
- A importancia da seguranza e hixiene no traballo. A prevención dos riscos laborais.
- Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.

### **A función produtiva.**

- Proceso produtivo, eficiencia e produtividade.
- Importancia da innovación tecnolóxica: I+D+i.
- Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.
- Análise custo-beneficio. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa.
- Os inventarios, o seu custo e os diferentes métodos de xestión.
- Programación, avaliación e control de proxectos.
- Valoración das externalidades da produción.

### **A función comercial da empresa.**

- Concepto e clases de mercado.
- A investigación de mercados.
- Análise do consumidor e segmentación de mercados.
- Variables da marketing-mix e elaboración de estratexias.
- Estratexias de mercadotecnia e ética empresarial.
- Aplicación á mercadotecnia das tecnoloxías da información e da comunicación.

### **A información na empresa.**

- Obrigas contables da empresa.
- A composición do patrimonio e a súa valoración.
- As contas anuais e a imaxe fiel.
- Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias abreviados.
- Análise e interpretación da información contable: principais ratios económico-financeiras.

### **A función financeira.**

- Estrutura económica e financeira da empresa.
- O ciclo económico e o período medio de maduración.
- Concepto e clases de investimento.
- Valoración e selección de proxectos de investimento: métodos estáticos e dinámicos.
- Recursos financeiros da empresa.
- Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

## **TEMPORALIZACIÓN**

1ª AVALIACIÓN: A empresa, desenvolvemento da empresa, organización e dirección da empresa.

2ª AVALIACIÓN: A función produtiva, a función financeira.

3ª AVALIACIÓN: A información na empresa, a función comercial da empresa.

## **4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA (MÍNIMOS ESIXIBLES)**

### **A empresa e o seu contorno.**

- Conceptos xerais de empresa e empresario.
- Clases de empresas: criterio económico, patrimonial, organizativo, de actividade, de propiedade do capital. (Formas xurídicas da empresa: Empresario individual, S.A., Sociedade Limitada e Soc. Cooperativa.)
- Ámbito xeral e específico
- Características dos sectores e a súa influencia sobre a competitividade da empresa

### **O desenvolvemento da empresa**

- Criterios xerais aplicables á localización empresarial
- Criterios xerais aplicables á dimensión (parámetros máis utilizados)
- A pequena e mediana empresa: características, vantaxes e inconvenientes
- O crecemento da empresa: crecemento interno e crecemento externo (hólding, cártel..)
- A internacionalización: as multinacionais, a globalización.

### **A realidade empresarial de Galicia**

- Principais características das empresas galegas



## **A función directiva**

- O proceso de dirección: funcións básicas. Planificación, organización e control. Sistemas de información. A toma de decisións. Estilos de dirección.

## **A organización da empresa**

- A organización da empresa: concepto e principios organizativos. Principais escolas do pensamento organizativo. Organización e xerarquía. Tipos de organización. Organización formal e informal. A xestión dos recursos humanos. Canles de comunicación.

## **A función produtiva**

- A produción. Clasificación das actividades produtivas. Asignación dos recursos produtivos. Eficiencia e produtividade. Os custos: clasificación; cálculo dos custos na empresa. Equilibrio da empresa no caso xeral: albor de rendibilidade da empresa ou punto morto. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I). Produtividade dos factores. Os inventarios, o seu custo e evolución temporal. Xestión de inventarios.

## **A función comercial da empresa**

- O mercado: concepto e clases. A empresa ante o mercado. A segmentación do mercado. Plan de mercadotecnia: elementos. Mercadotecnia mix. Investigación de mercados.

## **A obriga de información da empresa**

- Obrigas contables da empresa. As contas anuais (importancia e obrigatoriedade): o Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, a Memoria.
- Análise da información contable. Principais ratios económico-financeiros (interpretación).

## **A función financeira**

- O patrimonio: composición. Estrutura económica e financeira da empresa. Recursos financeiros da empresa: autofinanciamento; fontes de financiamento externo da empresa. Equilibrios financeiros. Fondo de manobra. Valoración e selección de proxectos de investimento: métodos.

## **PARTE PRÁCTICA DA MATERIA**

- Productividade dun factor, productividade global e taxa de variación da productividade.
- Custos de produción: fixos, variables, totais, medios e marxinais.
- Xestión de stocks: Custo de inventarios. Volume óptimo de pedido (modelo de Wilson) e xestión de almacén (PMP e FIFO)
- Limiar de rendibilidade ou punto morto. Decisións de producir ou comprar.
- Agrupación en masas patrimoniais. Equilibrios patrimoniais Análise da situación económico-financiera a través de ratios sinxelos. Cálculo e interpretación do fondo de manobra.
- Conta de Resultados. Clasificación de gastos e ingresos. Resultados de explotación, resultados financeiros, Resultados antes e despois de impostos.
- Selección de investimentos: Pay-back e VAN

## **5. METODOLOXÍA**

### **5.1. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

Propónse seguir unha metodoloxía na que a materia sirva para descubrir problemas empresariais relacionados coa realidade local ou galega en xeral. Preténdese a realización de pequenas investigacións do contorno para que o seu estudo resulte máis próximo e útil.

A metodoloxía facilita o traballo autónomo do alumnado, potencia as técnicas de investigación e aplica o aprendido a vida real, para acadar isto lévase a cabo unha aprendizaxe significativa e funcional. Polo tanto ao longo do curso pretenderase seguir o

seguinte camiño: Partir dos coñecementos previos do alumnado. Relacionar eses coñecementos previos con novas aprendizaxes. Motivar unha intensa actividade por parte do alumnado. Significatividade dos contidos no sentido de establecer contidos que teñan unha aplicación práctica a súa realidade máis próxima, útiles para a vida cotiá e que traten temas de interese e actualidade e promover a actuación na aula. Ao longo do curso utilizaranse estratexias expositivas tratando de expoñer os contidos de forma clara mediante a utilización de diversos recursos didácticos como esquemas, presentacións ou vídeos explicativos. Tamén se utilizarán estratexias indagativas, coas que se trata de enfrontar ao alumnado con problemas e cuestións nos que debe aplicar de maneira reflexiva os conceptos coa finalidade de favorecer a súa comprensión significativa e funcional mediante estudos de casos, xogos de rol, simulacións, investigacións sinxelas, debates, saídas e visitas a empresas.

## **5.2. ESTRATEXIAS DE ENSINO-APRENDIZAXE**

O punto de partida é detectar os coñecementos previos dos alumnos a través dunhas actividades iniciais que se fan ao comezo de cada unidade, consistentes en debates, role playing, vídeos, imaxes ou artigos. A partir destes coñecementos previos explicaranse os novos contidos, apoiando estas explicacións con presentacións en Powerpoint, con exemplos de empresas galegas. A continuación propónse a realización dunhas actividades de desenvolvemento para afianzar os contidos, dentro destas actividades tamén se propoñen actividades de educación en valores e de contribución o plan Tics. No último bloque de cada unidade propónse a realización dunhas actividades de síntese para repasar todos os contidos da unidade e afondar naqueles que nos que os alumnos teñen máis dificultades. Terase en conta a diversidade da aula polo que está programadas para cada unidade unhas actividades de ampliación e de reforzo.

## **5.3. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA A POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á

aula por ter que manter corentena sanitaria ou porque se determine que o alumnado acuda a clase de xeito alterno. Neste caso, os alumnos que non poidan acudir á clase de xeito presencial poderán seguir diariamente a materia impartida a través da Aula Virtual. Na Aula Virtual indicárase cada día a teoría e exercicios traballados na aula física, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poráanse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumnado e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos solicitados.

No caso de que esta situación se prolongase moito no tempo, traballarase só as aprendizaxes consideradas imprescindibles da materia dese período e a temporalización poderá variar se fose necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

## **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Será a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria. Nesta situación, impartiranse clases telemáticas seguindo os horarios espello establecidos polo centro educativo. Tamén se empregará a Aula Virtual, onde se poñerá toda a toda a información para que o alumnado continúe co proceso de ensino-aprendizaxe: explicación da teoría da materia e exercicios a realizar, así como as súas solucións unha vez feitos os mesmos. Se é o caso, subíranse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

Utilizarase diariamente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos que se lles soliciten.

En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período, polo que a temporalización poderá modificarse

de ser necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Do mesmo xeito que na situación de semipresencialidade, prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como parte da metodoloxía proposta, utilizaranse unha serie de recursos didácticos:

- **Material impreso:** prestarase especial importancia a que estes materiais sexan comprensibles e acordes co nivel do alumnado. Empregaranse artigos, tanto de prensa xeral como especializada e seguirase o manual de Economía da Empresa da editorial McGraw-Hill.
- **Medios audiovisuais:** utilizaranse presentacións en Powerpoint para reforzar as explicacións. O vídeo tamén será un elemento de apoio para reforzar as explicacións e detectar coñecementos previos. Tamén se empregará a economía no cine mediante a proxección de fragmentos de películas. Comentarase algunhas tertulias de economía onde se tratan aspectos da situación actual da empresa.
- **Novas tecnoloxías:** faranse sesións na aula de informática onde os alumnos/as farán buscas de información e utilizarán as follas de cálculo.

## 7. AVALIACIÓN

### 7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e interpretar os diversos elementos da empresa, as súas áreas de actividade, os seus tipos, funcións e interrelacións valorando a achega de cada un deles segundo o tipo de empresa.

Trátase de comprobar que o alumnado adquiriu unha visión global da empresa; que

sabe diferenciar os diferentes elementos que a compoñen (grupo humano, patrimonio, ámbito e organización); que coñece as súas áreas de actividade e a existencia de elementos diferentes en función da empresa de que se trate. Tamén se comprobará a capacidade de analizar as relacións mutuas entre a empresa e o exterior.

- Identificar as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais. Describir as principais formas xurídicas da empresa, explicando e entendendo os trazos principais de cada unha delas.

Con este criterio preténdese comprobar que o alumnado coñece dunha maneira xeral as principais normas mercantís, laborais e fiscais que regulan as actividades empresariais, ademais de comprobar se o alumnado é quen de facer cadros sinópticos e esquemas claros das formas xurídicas máis importantes.

- Identificar os trazos principais do sector e do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as distintas estratexias, decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e ambientais das súas decisións.

Búscase comprobar se o alumnado comprendeu as relacións de interdependencia existentes entre a empresa e o seu contorno; búscase tamén comprobar se sabe diferenciar as implicacións, tanto positivas coma negativas, que supoñen as decisións empresariais, especialmente nos ámbitos social e ambiental.

- Analizar a situación das empresas multinacionais e das PEME, no marco do fenómeno da globalización, identificando os aspectos positivos e negativos que o citado fenómeno presenta. Valorar a importancia das cooperativas como impulsoras do desenvolvemento económico e social de Galicia.

Trátase de valorar a capacidade do alumno/a para describir as características actuais das empresas multinacionais e das PEME e para analizar as vantaxes e inconvenientes de que goza cada unha delas nun mercado cada vez máis condicionado polo fenómeno da globalización. Farase a partir de exemplos da realidade galega actual. Tamén se busca que comprenda a importancia do fenómeno cooperativo para a economía e para a sociedade galegas.

- Describir a organización dunha empresa e as súas posibles modificacións e melloras en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade. Valorar a importancia para as empresas de contar cun sistema organizativo eficiente, como os sistemas de xestión da calidade.

Este criterio pretende comprobar se se sabe interpretar a organización formal e informal dunha empresa e detectar e propoñer solucións a disfuncións ou problemas que impidan un funcionamento eficiente na organización empresarial. Ademais, preténdese que o alumnado identifique os sistemas de xestión da calidade como sistemas de mellora continua na empresa.

- Describir as técnicas básicas para a xestión dos recursos humanos, identificando os dereitos e deberes máis importantes que as traballadoras e os traballadores teñen derivados da súa relación laboral, con especial atención aos referidos á conciliación da vida laboral e familiar. Valorar a importancia que teñen a seguranza e a hixiene no traballo, ademais da prevención dos riscos laborais.

Este criterio busca que o alumnado recoñeza a relevancia dos recursos humanos como variable que contribúe de maneira especial ao logro da eficiencia organizativa. Tamén busca o recoñecemento de cómo o respecto aos dereitos, á seguranza dos traballadores/ as e á conciliación da súa vida laboral e familiar reduce a conflitividade e incide de maneira directa no bo funcionamento da empresa.

- Coñecer o funcionamento da área de produción dunha empresa e recoñecer a importancia da aplicación das novas tecnoloxías na mellora da produtividade. Valorar a importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación como garantes da supervivencia e de crecemento das empresas.

Trátase de comprobar se o alumnado coñece as tarefas fundamentais da función produtiva da empresa e se é quen de calcular a produtividade. Igualmente preténdese constatar que recoñece o papel das novas tecnoloxías, así como do investimento en investigación, desenvolvemento e innovación, no aumento da competitividade da

empresa e na mellora da calidade dos seus produtos.

- Coñecer os principais sistemas de valoración e xestión dos inventarios. Valorar a súa importancia na contribución aos resultados da empresa. Búscase que o alumnado valore a importancia e a necesidade dunha correcta xestión dos inventarios e que coñeza os custos asociados a eles.

Preténdese que coñeza os principais sistemas de valoración de inventarios (FIFO, PMP) e da súa xestión; e que determine, para casos sinxelos, o nivel de pedido óptimo.

- Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e de custos dunha empresa, calcular o seu beneficio e limiar de rendibilidade.

Preténdese valorar se os alumnos adquiriron a capacidade de diferenciar e estruturar os ingresos e custos xerais dunha empresa, determinando o beneficio ou perda xerado, así como o limiar de produción e vendas necesario para a xeración de beneficios e a súa supervivencia.

- Analizar as características dos mercados utilizando técnicas de investigación e segmentación destes. Explicar, de acordo con elas, as diferentes políticas comerciais que se poden aplicar.

Preténdese avaliar se o alumnado sabe caracterizar un mercado en función do número de competidores, do produto vendido, das características das persoas destinatarias etc.; que coñeza e entenda a finalidade e os elementos básicos das investigacións de mercados e das diferentes estratexias de márketing.

- Recoñecer os datos máis relevantes do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a súa situación a partir da información obtida e propoñer medidas para a súa mellora.

Preténdese comprobar que as alumnas e os alumnos saiban recoñecer os diferentes elementos destes documentos e o seu significado na empresa. Tamén se pretende valorar se son capaces de analizar a situación patrimonial, financeira e económica nun



caso sinxelo, detectando desequilibrios e propondo medidas correctoras destes.

- Buscar, analizar e interpretar información procedente do ámbito empresarial local, galego, español ou internacional, utilizando os recursos materiais adecuados e as tecnoloxías da información e da comunicación.

Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de distinguir e analizar información significativa referida ao mundo empresarial e se é capaz de relacionala cos contidos estudados na materia. Trátase tamén de comprobar que é quen de buscar información do ámbito empresarial, utilizando as novas tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente a internet.

- Describir as posibles fontes de financiamento a que ten acceso unha empresa e, a través dun suposto sinxelo, razoar a elección máis axeitada.

A finalidade deste criterio é comprobar a capacidade de valorar as necesidades de financiamento básicas dunha empresa, así como coñecer e clasificar as diferentes fontes de financiamento. Tamén trata de valorar a capacidade de propoñer razoadamente as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto, relacionando o financiamento co investimento.

- Valorar distintos proxectos de investimento sinxelos que pode acometer unha empresa e seleccionar, xustificando a decisión, cal resulta a alternativa máis vantaxosa. Valorar tamén a importancia e a necesidade da realizar unha planificación e un posterior control de calquera proxecto que se leve adiante nunha empresa.

Preténdese comprobar a capacidade para utilizar métodos diversos de selección de investimentos, co obxectivo de resolver casos básicos. Tamén se busca que o alumnado recoñeza a importancia da planificación e do control de calquera proxecto que a empresa pretenda iniciar.

## **7.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- **Observación:** permite recoller información durante a avaliación continua, é indicada para comprobar a adquisición de contidos actitudinais e procedimentais. Elaboraranse uns instrumentos que permitan rexistrar sistematicamente a información recollida como as listas de control, escalas de estimación, rexistro anecdótico.
- **Revisión de actividades e traballos:** permite coñecer como o alumnado adquire e aplica os diferentes contidos traballados nas unidades, así como as dificultades de aprendizaxe polo que son un bo instrumento de avaliación continúa.
- **Probas de avaliación:** consiste en que o alumno/a demostre os coñecementos adquiridos a través da realización de diversas actividades ou preguntas, este método complementará a información obtida a través dos outros procedementos.
- **Diario:** permite recoller información máis significativa e resumir como evolucionaron os alumnos dende o inicio do curso, sinalando as dificultades e os logros, as orientacións de mellora aplicadas e os resultados obtidos ao final do curso.

### 7.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación efectuarase a través de dous elementos: os exames de cada avaliación e os traballos, actividades e exercicios realizados ao longo da avaliación.

A ponderación dos exames na nota de avaliación será do 80%. A ponderación dos traballos, actividades e exercicios será do 20%. No caso de non acadar unha avaliación positiva na avaliación realizarase unha proba de recuperación ao comezo da seguinte avaliación na que o alumno volverá a examinarse das probas non superadas.

No caso de que a media final resulte con decimais a nota será a correspondente á parte enteira da mesma.

Calquera copia ou intento de copia ou plaxio nas actividades suporá a nota dun cero en dita actividade. No caso de copiar nunha proba escrita terá un 0 en dita avaliación.

Para ter superada cada unha das avaliacións o alumno deberá acadar como mínimo un 5.

A recuperación dos contidos desenvolvidos nas diferentes avaliacións realizarase do seguinte xeito:

- A recuperación da 1º avaliación farase ao principio da segunda avaliación.

- A recuperación da 2º avaliación farase ao principio da terceira avaliación.
- A recuperación da 3º avaliación farase no exame final.

Haberá un exame escrito final das avaliacións suspensas ao final de curso (maio) para os alumnos que non superen unha ou máis avaliacións:

- Un exame dos contidos dun trimestre: para aqueles que non superen o devandito trimestre.
- Un exame global da materia para aqueles alumnos que suspendan dúas o máis avaliacións.

Para a superación da materia será imprescindible ter superadas as tres avaliacións. A nota final de curso (maio) obterase calculando a media aritmética das notas acadadas nos exames, traballos, actividades e exercicios realizados nas tres avaliacións, seguindo a ponderación indicada anteriormente. A nota calcularase facendo o redondeo ás unidades.

Aqueles alumnos que non superen a materia no mes de maio terán dereito a unha proba escrita en xuño, debendo obter unha nota igual ou superior ao 5 para considerar aprobada a materia. Na proba escrita de xuño avaliarase a totalidade da materia independentemente das avaliacións que se aprobaran.

#### **7.4. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

Farase un cuestionario ó principio do curso para valorar os coñecementos previos dos alumnos e ter, deste xeito unha referencia do nivel do alumnado e poder determinar o punto de partida do curso. Ademais ó comezo de cada unidade farase unha actividade inicial consistente en debates, role playing, vídeos, imaxes ou artigos, co obxectivo de detectar os coñecementos previos e saber o punto de partida para a explicación dos contidos da unidade.

#### **7.5. ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE**

Realizase un seguimento dos alumnos que teñan pendente a materia de Economía mediante a entrega de boletíns de repaso. Nas datas propostas para a entrega dos boletíns os alumnos poderán preguntar dúbidas.

## **7.6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ANTE POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria ou porque se determine que o alumnado acuda a clase de xeito alterno.

Para avaliar o traballo diario do alumnado que non poida acudir á clase a causa da situación sanitaria, o profesor pedirá que o alumno envíe a través da Aula Virtual un arquivo que amose que realizou as tarefas correspondentes.

Para preguntas orais, o profesor/a poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario acordado previamente.

As probas escritas realizaranse nas clases presenciais, pero se algún alumno non pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización dunha nova proba escrita presencial no momento en que sexa posible, realizar unha proba telemática, realizar unha proba escrita final global da avaliación ou realizar a proba recuperatoria da avaliación), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

### **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Será a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria.

Para comprobar o seguimento diario do traballo do alumnado e para a avaliación continua o profesor pedirá que os alumnos/as envíen a través da Aula Virtual os arquivos que

amosen que realizaron as tarefas correspondentes. De ser o caso, empregarase tamén a observación directa nas clases telemáticas (respostas e explicacións do alumnado a preguntas orais).

Para a avaliación en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas a exames, así como a traballos, actividade e exercicios, pode variar respecto ás asignadas en situación presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.

De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas realizadas telematicamente, cuestionarios online, entrega de tarefas de tempo limitado), aínda que se priorizarán as probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto como sexa posible.

Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara de xeito presencial e non presencial. O profesor determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.

En función da duración da situación e do contido académico afectado, o profesor decidirá o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado ás mesmas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ó alumnado. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización de probas escritas presenciais no momento en que sexa posible, realización de probas escritas telemáticas con tempo limitado para a súa entrega, realización de tarefas que poden estar acompañadas de cuestións orais, realización de probas telemáticas tipo cuestionario), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Propónse unha introdución progresiva aos conceptos, termos e argumentos económicos co obxecto de que se adapten ás características e niveis dos alumnos. Partirase dos coñecementos previos e dos contidos básicos para afondar neles na medida que o alumno o permita. Optarase por unha metodoloxía cunha participación activa do alumno e diversa co fomento de actividades de distintos graos de dificultade.

As actividades presentaranse clasificadas por niveis de dificultade, serán variadas, adaptadas as motivacións e necesidades do alumno, fomentaranse actividades de traballo en grupo e propónse en cada unidade unha serie de actividades de ampliación e de reforzo.

## 9. TRATAMENTO DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral do alumnado.

Así, desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os aplique a súa vida cotiá. Entre outros valores traballaranse os seguintes:

- **Aprender a ser responsable.** Explicar as responsabilidades que deben aprender a adquirir os alumnos e alumnas para poder formarse máis axeitadamente como persoas:
  - Responsabilidade cun mesmo ou mesma.
  - Responsabilidade coas tarefas a desenvolver.
  - Responsabilidade no consumo.
  - Responsabilidade coa sociedade.
  
- **Aprender a ser respectuoso/a.** Aportar información, reflexión e debate sobre os catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:
  - Aprender a ser respectuoso cun mesmo ou mesma.
  - Aprender a ser respectuoso cos/as demais.
  - Aprender a ser respectuoso co entorno.
  - Aprender a ser respectuoso coa diferenza.
  
- **Aprender a ser empático/a.** Explicar a necesidade de ser quen de entender os/as demais, de poñernos no seu lugar, para así, fortalecer as relacións humanas,

fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade. Poderían tratarse os seguintes temas:

- Sensibilidade cos/as demais.
  - Solidariedade e cooperación.
  - Amizade.
  - Civismo.
- 
- **Aprender a autorregularse.** Explicar a importancia do autoconhecimento. Se o alumnado se coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva. Os puntos a traballar serían:
    - Autoconhecimento.
    - Autocontrol das emocións.
    - Aceptación das normas.

A transversalidade educativa entendémola de dúas maneiras como:

- A relación entre os contidos de distintas áreas.
- A aplicación dos contidos a materias que, por si mesmas, non constitúen obxecto de estudo na etapa.

O currículo da ESO e do Bacharelato sinala que debemos contribuír á formación dos alumnos e das alumnas como cidadáns consumidores, sensibles ao medio ambiente, preocupados por manter unha boa saúde física e mental, educados para a paz, a igualdade de oportunidades entre os dous sexos, etc.

### **Relación dos contidos cos temas transversais:**

Os contidos da materia están relacionados de forma directa con outras materias pertencentes á etapa, e que polo tanto, deben abordarse de forma conxunta poñendo en práctica as relacións que existen entre elas, estes contidos interdisciplinares iranse desenvolvendo ao longo das distintas unidades. Desta maneira o alumno descobre as

aplicacións da Economía da Empresa en campos concretos, especialmente na práctica, contribuíndo así a incrementar a súa motivación na aprendizaxe. Por exemplo traballaranse as Matemáticas mediante o cálculo de custos e dos métodos de selección de investimentos, tamén está relacionada con Historia cando falamos dos distintos sistemas económicos e das visións do empresario ó longo da historia.

Ademais tamén trataremos outros aspectos como:

- **Educación para o consumo**

Advertindo aos alumnos dos perigos dun consumo compulsivo, dunha publicidade enganosa e falando dos dereitos dos consumidores

Tratamento estatístico da información relativa aos intereses do consumidor: consumo, evolución de prezos e mercados, inflación, situacións económicas de empresas.

- **Educación para a saúde**

Mediante o estudo da seguridade e hixiene laboral, vendo casos concretos de medidas de seguridade na empresa.

- **Educación moral e cívica**

Mediante a realización de debates e traballos en grupo e tamén destacando a responsabilidade social da empresa, destacando a relación da empresa cos traballadores e co seu entorno.

- **Educación para a paz**

Mediante o traballo con textos sobre situacións de explotación infantil, malas prácticas por parte dalgunhas empresas.

- **Educación para a igualdade de oportunidades**

Destacando o labor de mulleres de grande importancia no mundo empresarial, ademais fomentárase unha actitude de igualdade na aula coa creación de grupos



homoxéneos.

- **Educación ambiental**

Mediante a análise do impacto ambiental da empresa e utilizando na aula material reciclado.

## **10. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA E DO FOMENTO DAS TICS**

### **Proxecto lector**

Dende a materia contribuírase ao Plan lector do centro realizando un taller de prensa coa lectura de textos e artigos de prensa, ademais proporáse lecturas relacionadas coa materia, utilizarase a biblioteca do centro e traballarase cunha linguaxe estatística e interpretación de gráficas. Preténdese mellorar os hábitos de lectura, que os alumnos/as lean correctamente, comprendendo o significado do texto.

### **Plan de integración das TICS**

A aplicación das TICS ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Dende a materia de Economía de Empresa contribuírase ao Plan de integración das Tics acudindo á aula de informática, realizando buscas de información e utilizando follas de cálculo.

## **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Están previstas as seguintes actividades:

- Lectura de noticias económicas e referidas a empresas, con especial atención a empresas galegas.
- Consulta en internet de páxinas económicas así como seguimento dos mercados

da Bolsa.

## **12. PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS**

As materias deste departamento non están recollidas no artigo 3.7 da Orde do 24/06/2008, polo que non se necesitará a acreditación previa de coñecementos para cursalas.

## **13. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE**

Será necesario avaliar a programación para determinar a súa adecuación ás características dos alumnos/as, adecuación dos obxectivos, temporalización e secuenciación, co obxecto de introducir modificacións para melloralas. Este proceso desenvólvese permanentemente, para ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumnado alcance os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levarase a cabo unha avaliación a partir de:

- Os resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- A propia avaliación feita polo alumnado dos materiais, actividades...
- Opinións do alumnado trimestralmente sobre o que aprenderon, o que máis lle gustou ou que lle resultou máis difícil.

Para avaliar a programación o Departamento ten previsto facer:

- Memoria final da programación anual cos obxectivos logrados, cumprimento da programación, modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica, propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso e análise dos resultados da avaliación final do alumnado.

- Enquisas de cada membro do Departamento para cada materia.

**ECONOMÍA**

**1º BACHARELATO**

# **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A importancia que teñen os asuntos económicos na nosa sociedade e a forma en que nos afectan individual e colectivamente, presentan a necesidade dunha formación específica que proporcione as claves necesarias para comprender un aspecto tan esencial da realidade actual. Ademais a materia permite afondar naqueles conceptos que na actualidade son tratados na vida cotiá, xa que ante a coxuntura actual os temas económicos están en primeira plana, tanto nos medios de comunicación como no día a día.

Por todo isto a materia de Economía permite os alumnos adquirir unha visión máis ampla e precisa da sociedade actual e axúdalles a exercer a súa cidadanía cunha actitude reflexiva e responsable, xa que se tratan temas de actualidade como a inflación, o desemprego, a distribución da renda, o PIB, o sistema económico, entre outros.

## **2. OBXECTIVOS**

### **2.1. OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e

mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento personal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e

contribuírá súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **2.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO**

1. Identificar o ciclo da actividade económica. Distinguir sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
2. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e a sobreexplotación de recursos naturais, así como os derivados da globalización da actividade económica.
3. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, histórico e cultural en que tiveron lugar. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás. Formular xuízos persoais acerca da conveniencia ou non da intervención da Administración pública na economía e dos seus efectos.
4. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema económico e os fenómenos sociais.
5. Utilizar técnicas elementais de tratamento e representación de datos sobre a economía galega, española, europea ou doutras zonas do mundo para coñecer e comprender os trazos característicos da situación económica deses territorios e as perspectivas de futuro.
6. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade. Comunicar opinións argumentando con precisión e rigor a partir de conceptos e principios económicos elementais. Aceptar a discrepancia e os puntos de vista distintos.
7. Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicacións e/ou internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen. Formular xuízos persoais sobre elas e comprender que as decisións

implican, en ocasións, elixir entre obxectivos en parte contraditorios para os diferentes axentes económicos.

8. Analizar e valorar criticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio natural e a calidade de vida das persoas, así como o diferente grao de desenvolvemento das distintas rexións e países. Reflexionar sobre a necesidade de acadar un desenvolvemento sustentable.
9. Abordar de maneira autónoma e razoada problemas económicos do contorno, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, en especial as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás do contorno.
10. Coñecer e comprender, dunha maneira crítica, o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

### **3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Para garantir a adecuada continuidade con etapas precedentes e a incorporación ó mundo laboral ou a estudos posteriores, en Bacharelato trabállanse as competencias, de xeito que o alumnado, partindo de coñecementos, destrezas, habilidades e actitudes asimiladas, profundice noutros saberes e capacidades que deberá empregar no momento oportuno para actuar de modo autónomo, racional e responsable. O obxectivo é que o alumnado se desenvolva en diversas situacións e contextos (persoal, social, académico, profesional), participar na vida democrática e proseguir a súa aprendizaxe.

Trátase pois, dunha serie de recursos que lle poderán servir tanto para a resolución de conflitos cotiás como para o exercizo da cidadanía, cursar con garantía outros estudos, integrarse na vida laboral e formarse ó longo da vida.

A adquisición dunha competencia implica a adecuada selección por parte do



alumnado daquelas destrezas, habilidades, capacidades, estratexias e coñecementos cos que solucionar un problema ou proceder nunha situación dada, aplicando os recursos aprendidos ou practicados noutros contextos. De ahí que a aprendizaxe das competencias require unha adecuada metodoloxía na aula, polo que nesta materia de Economía prográmanse actividades e tarefas integradoras, contextualizadas e relacionadas, na medida do posible, coa vida cotiá para que permitan a aplicación e transferencia do aprendido na aula.

A competencia en **comunicación lingüística** desenvólvese mediante a realización de debates e traballo con artigos, exercitando así a comprensión lectora e oral, contribuíndo a reforzar os hábitos de lectura e dominar tanto na expresión oral coma escrita a lingua galega e castelá.

A realización de diferentes exercicios favorecen o desenvolvemento da **competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía** contribuíndo a dominar as habilidades propias da modalidade de bacharelato. O uso de medios audiovisuais e internet favorecen o desenvolvemento da **competencia dixital**, contribúese a que o alumnado utilice eficazmente e con responsabilidade as Tics e tamén que valoren a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condición de vida. A realización de buscas de información contribúe o desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**. Traballárase sobre textos reais e realizaranse visitas a empresas facilitando o desenvolvemento da **competencia social e cívica** e a **competencia cultural**, contribuíndo a que o alumnado exerza unha cidadanía democrática, participe no desenvolvemento do seu contorno social e que valore o patrimonio material e inmaterial de Galicia. A realización dun proxecto empresarial no que teñen que desenvolver unha empresa contribúe a **competencia iniciativa e espírito emprendedor**.

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Economía. 1º Bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
<b>Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica</b>					
- i - l	B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	- CAA - CMCCT	4 clases
- a - h - i - l	B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.	B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.	ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	- CSC - CMCCT - CD - CSC - CAA - CAA - CD - CSC	2 clases 2 clases 2 clases
- i - l	B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.5. Principios na toma de decisións económicas. B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.	B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.	- CAA - CMCCT - CCL - CMCCT - CD	2 clases 2 clases
<b>Bloque 2. A actividade produtiva</b>					
- i - l - m - p	B2.1. Proceso produtivo e factores de produción.	B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	- CAA - CCL - CSC	4 clases
- i - l	B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia.	B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	- CSC - CMCCT - CMCCT - CCL	2 clases 4 clases

- a - h - i - l - m	B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou organización da produción.	B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.	- CSIEE - CCL	4 clases
- a - h - i - m	B2.4. Empresa: obxectivos e funcións.	B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	- CSIEE - CAA	2 clases
- i - l - m	B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.	B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	- CD - CMCCT	4 clases
- i - l - m	B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.	B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	- CMCCT - CD	4 clases
- i - l - m	B2.8. Función de produción.	B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.	ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	- CMCCT - CD	2 clases
Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos					
- i - l - m	B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da de manda. B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta. B3.3. Equilibrio do mercado.	B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.	ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda. ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.	- CMCCT - CD	4 clases
- a - h - i - l - m	B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia. B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.	B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.	ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	- CMCCT - CCL	4 clases
- a - h - i - l - m	B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto. B4.2. Equilibrio macroeconómico:	B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os	ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	- CMCCT - CD - CSC - CCL	6 clases

	demanda e oferta agregadas. B4.3. Inflación e tipos de xuro. B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.	inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.	ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global.  ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	- CAA - CSC	2 clases
- g - i - l	B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: macromagnitudes e as súas limitacións.	B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.	ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo.  ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e reconece os métodos de estudo utilizados por economistas.  ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, analízalas e interprétaaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	- CMCCT - CD  - CAA - CD  - CD - CMCCT	2 clases  2 clases  2 clases
- a - h - i - l - m	B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.	B4.3. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.	ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.  ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios.  ECB4.3.3. Investiga e reconece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	- CMCCT - CD  - CSC - CAA  - CAA - CD	2 clases  2 clases  2 clases
- a - g - h - i - l - p	B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.	ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para contra o desemprego e a inflación.	- CD - CSIEE	2 clases
<b>Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía</b>					
- i - l	B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento. B5.2. Proceso de creación do diñeiro.	B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden.	ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	- CSC - CMCCT - CD - CCL	4 clases
- a - d - h - i - l	B5.3. Teorías explicativas da inflación.	B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da economía.	ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	- CSC - CD	4 clases
- i - l	B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.	B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.	ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	- CAA - CSC - CD	1 clase
- a - d - h - i - l	B5.5. Política monetaria: instrumentos.	B5.4. Analizar os tipos de política monetaria.	ECB5.4.1. Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	- CAA - CMCCT - CSC	4 clases

- i - l - a - h	B5.6. Banco Central Europeo. B5.7. Mecanismos de oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.	B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.	ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e a razón sobre o seu papel e o seu funcionamento. ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía	- CSC - CMCCT - CD  - CMCCT - CCL	2 clases   2 clases
Bloque 6. O contexto internacional da economía					
- g - i - l	B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.	B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.	ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	- CSC - CCL - CMCCT	2 clases
- a - i - l	B6.3. Cooperación e integración económica. B6.4. Unión Europea (UE).	B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.	ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	- CSC - CCL	2 clases
- a - b - h - i - l - p	B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación.	B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación.	ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.	- CSC - CCL  - CAA - CD - CMCCT - CSC	2 clases  2 clases
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía					
- a - b - c - i - l	B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e desenvolvemento. B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución.	B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial.	ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no desenvolvemento e na redistribución da renda. ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	- CSC - CMCCT - CD  - CCL - CMCCT  - CSC - CCL  - CAA - CSC - CD  - CSC - CMCCT  - CSC - CAA	2 clases  2 clases  2 clases  2 clases  1 clase  1 clase



- Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía.

## **4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA (MÍNIMOS ESIXIBLES)**

- Definición correcta e rigorosa de ciencia económica.
- Clasificación das actividades económicas previamente enumeradas (producción, distribución e consumo).
- Identificación e categorización dos factores de produción.
- Enumeración de bens e servizos dispoñibles na contorna e clasificación segundo o seu tipo.
- Análise dunha información económica extraída dun medio de comunicación e identificación das actividades económicas, os mercados e os axentes económicos a que fai referencia.
- Enumeración dos principais problemas económicos.
- Definición correcta e rigorosa de sistema económico.
- Localización no tempo dos principais sistemas económicos do pasado e enumeración das súas características básicas.
- Descrición das solucións propostas polos dous grandes sistemas económicos a cada un dos problemas económicos básicos de calquera sociedade.
- Definición correcta e rigorosa do factor traballo.
- Distinción clara entre poboación activa e inactiva, e entre ocupada e desempregada.
- Definición correcta e rigorosa do factor capital. Distinción entre capital físico e capital financeiro.
- Identificación dos sectores da produción a partir de casos concretos.
- Definición correcta e rigorosa de microeconomía e macroeconomía.

- Enumeración e breve descrición de tres razóns que xustifican a existencia de empresas.
- A partir dun exemplo de produción, real ou imaxinario, que se desenvolva nun período de tempo, identificación dos factores de produción que se consideran fixos e os que se consideran variables e xustificación da decisión.
- Cálculo da produtividade total, a produtividade media e a produtividade marxinal dunha determinada actividade a partir de táboas de datos ou de gráficos da función de produción.
- Análise dun proceso de produción.
- Identificación dos elementos básicos dun mercado concreto.
- Confección de curvas de oferta e de demanda de mercado a partir de datos individuais sinxelos.
- Cálculo da elasticidade de demanda e de oferta a partir de datos sinxelos.
- Confección dun cadro comparativo coas características básicas dos mercados de competencia perfecta e os de competencia imperfecta e proposta de exemplos concretos en cada caso.
- Confección de curvas de oferta e demanda de empresas en competencia perfecta, monopolio, oligopolio e competencia monopolista e xustificación das características de cada unha.
- Xustificación dos efectos da inflación sobre un axente económico de características determinadas.
- Descrición dalgún dos métodos empregados para o cálculo do PIB e distinción entre PIB a prezo de mercado e PIB a custo de factores.
- Proposta de exemplos concretos de situacións de desemprego estacional, friccional, estrutural e cíclico.
- Interpretación do diagrama representativo dun ciclo económico e distinción da fase expansiva, o auxe, a fase de recesión e a depresión.
- Interpretación dunha gráfica na que se estableza a relación entre os salarios e o desemprego.



- Distinción entre inflación de demanda e inflación de custos e representación gráfica de ambos os procesos utilizando curvas prezo-cantidade.
- Explicación, por medio dun exemplo concreto, da espiral salario-prezos.
- Descrición da función do diñeiro.
- Enumeración de institucións que constitúen o sistema financeiro español.
- Enumeración das funcións do Banco Central Europeo.
- Distinción entre base monetaria e oferta monetaria.
- Enumeración de organismos, administracións e empresas que dependen do sector público e clasificación segundo o seu ámbito territorial de actuación.
- Descrición do proceso de elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado.
- Distinción entre gastos correntes, gastos de investimento e outros gastos e exemplificación de cada tipo.
- Descrición, con axuda de gráficas, do comportamento do mercado de divisas cando se guía por tipos de cambio fixos.
- Identificación de situacións de cooperación económica entre países.
- Valoración crítica dalgún dos grandes problemas que afectan á economía mundial: escaseza de materias primas, conservación do ambiente, endebedamento dos países pobres, ...

## **5. METODOLOXÍA**

### **5.1. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

Propónse seguir unha metodoloxía na que a materia sirva para descubrir problemas empresariais relacionados coa realidade local ou galega en xeral. Preténdese a realización de pequenas investigacións do contorno para que o seu

estudo resulte máis próximo e útil.

O punto de partida é detectar os coñecementos previos dos alumnos a través dunhas actividades iniciais que se fan ao comezo de cada unidade, consistentes en debates, role playing, vídeos, imaxes ou artigos. A partir destes coñecementos previos explicaranse os novos contidos, apoiando estas explicacións con presentacións en Powerpoint, con exemplos de empresas galegas. A continuación propónse a realización dunhas actividades de desenvolvemento para afianzar os contidos, dentro destas actividades tamén se propoñen actividades de educación en valores e a contribución ao plan Tics. No último bloque de cada unidade propónse a realización dunhas actividades de síntese para repasar todos os contidos da unidade e afondar naqueles que nos que os alumnos teñen máis dificultades. Terase en conta a diversidade da aula polo que está programadas para cada unidade unhas actividades de ampliación e de reforzo.

A metodoloxía facilita o traballo autónomo do alumnado, potencia as técnicas de investigación e aplica o aprendido a vida real. Para acadar isto lévase a cabo unha aprendizaxe significativa e funcional. Polo tanto ao longo do curso pretenderase seguir o seguinte camiño: Partir dos coñecementos previos do alumnado. Relacionar eses coñecementos previos con novas aprendizaxes. Motivar unha intensa actividade por parte do alumnado. Significatividade dos contidos no sentido de establecer contidos que teñan unha aplicación práctica a súa realidade máis próxima, útiles para a vida cotiá e que traten temas de interese e actualidade e promover a actuación na aula.

Ao longo do curso utilizaranse estratexias expositivas tratando de expoñer os contidos de forma clara mediante a utilización de diversos recursos didácticos como esquemas, presentacións ou vídeos explicativos. Tamén se utilizarán estratexias indagativas, coas que se trata de enfrontar ao alumnado con problemas e cuestións nos que debe aplicar de maneira reflexiva os conceptos coa finalidade de favorecer a súa comprensión significativa e funcional mediante estudos de casos, xogos de rol, simulacións, investigacións sinxelas, debates, saídas e visitas a empresas.

## **5.2. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA A POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria ou porque se determine que o alumnado acuda a clase de xeito alterno. Neste caso, os alumnos que non poidan acudir á clase de xeito presencial poderán seguir diariamente a materia impartida a través da Aula Virtual. Na Aula Virtual indicárase cada día a teoría e exercicios traballados na aula física, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poranse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumnado e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos solicitados.

No caso de que esta situación se prolongase moito no tempo, traballarase só as aprendizaxes consideradas imprescindibles da materia dese período e a temporalización poderá variar se fose necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

### **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Sería a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria. Nesta situación, impartiranse clases telemáticas seguindo os horarios espello establecidos polo centro educativo. Tamén se empregará a Aula Virtual,

onde se poñerá toda a toda a información para que o alumnado continúe co proceso de ensino-aprendizaxe: explicación da teoría da materia e exercicios a realizar, así como as súas solucións unha vez feitos os mesmos. Se é o caso, subíranse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

Utilizarase diariamente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos que se lles soliciten.

En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período, polo que a temporalización poderá modificarse de ser necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Do mesmo xeito que na situación de semipresencialidade, prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como parte da metodoloxía proposta, utilizaranse unha serie de recursos didácticos:

- **Material impreso:** prestarase especial importancia a que estes materiais sexan comprensibles e acordes co nivel do alumnado. Empregaranse artigos, tanto de prensa xeral como especializada e seguirase o manual de Economía de McGraw-Hill.

- **Medios audiovisuais:** utilizaranse presentacións en Powerpoint para reforzar as explicacións. O vídeo tamén será un elemento de apoio para reforzar as explicacións e detectar coñecementos previos.
- **Novas tecnoloxías:** faranse sesións na aula de informática onde os alumnos/as farán buscas de información necesaria e resolverán exercicios. Ademais, debido á situación sanitaria na que nos atopamos, utilizarase de xeito especial a Aula Virtual.

## 7. AVALIACIÓN

### 7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar os problemas económicos básicos dunha sociedade, caracterizando a forma de resolvelos nos principais sistemas económicos, así como as súas vantaxes e inconvenientes.

Trátase de comprobar que o alumnado recoñece a escaseza e a necesidade de elixir como as claves determinantes dos problemas básicos de todo sistema económico, así como as necesidades máis comúns que hai que atender a partir da análise do seu contorno. Ademais, trátase de asegurar que diferencia as distintas formas de abordar e resolver estes problemas nos principais sistemas económicos actuais e do pasado, analizando as vantaxes e inconvenientes de cada un deles e as perspectivas que se nos presentan de cara ao futuro. Valorarase a súa toma de conciencia da necesidade de xestionar os recursos dun xeito sustentable para poder satisfacer as necesidades presentes e futuras.

- Identificar as características principais da estrutura produtiva tanto a nivel nacional coma rexional. Analizar as causas dunha deslocalización

empresarial a partir de datos sobre a produtividade, a eficiencia, os custos e os beneficios, así como valorar os seus efectos sobre a economía e sobre o mercado de traballo.

Con este criterio preténdese observar se se identifican as razóns do proceso de división técnica do traballo relacionando este proceso coa crecente interdependencia económica e coa necesidade de mecanismos de coordinación. Tamén se pretende avaliar se se recoñecen as características xerais da estrutura produtiva de Galicia e de España e a súa relación cos países da Unión Europea e cos cambios do mercado global.

- Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións nos prezos de bens e servizos en función de distintas variables. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para o consumo, as empresas ou os estados.

Este criterio pretende verificar que o alumnado entende o prezo como indicador da escaseza relativa dos bens e servizos e a súa relación coa asignación dos recursos produtivos que realiza o sistema de economía de mercado. Así mesmo, a través deste criterio avalíase se recoñece en mercados reais e próximos os trazos xerais descritos nos modelos teóricos de mercado e os efectos do seu funcionamento, tanto positivos coma negativos, para os axentes que participan nestes mercados.

- Identificar as principais variables macroeconómicas e analizar as súas interrelacións, valorando as limitacións que teñen como indicadores de medida da actividade económica e do benestar dunha sociedade. Interpretar e tratar con instrumentos informáticos cifras e indicadores económicos básicos.

A través deste criterio preténdese comprobar se se recoñecen as principais

macromagnitudes (produto nacional, renda nacional, renda dispoñible, renda per capita), así como as súas relacións, interpretación, utilidade e limitacións. O alumnado debe recoñecer as limitacións da contabilidade nacional para medir a actividade económica e o benestar dunha sociedade e a necesidade de utilizar indicadores alternativos como o índice de desenvolvemento humano.

- Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e inconvenientes do seu papel na actividade económica. Describir e relacionar as funcións doutros axentes que interveñen na actividade económica.

A finalidade deste criterio é a de identificar e diferenciar as distintas finalidades (crecemento, sustentabilidade, eficiencia, equidade, estabilidade), funcións (fiscais, reguladoras, redistributivas, estabilizadoras e provedoras de bens e servizos públicos) e instrumentos básicos de política económica que se aplican en casos concretos de intervención do sector público na actividade económica galega e española.

- Describir o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes semiden. Identificar as distintas teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os consumidores, as empresas e o conxunto da economía. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.

Preténdese comprobar que o alumnado recoñece o funcionamento básico do diñeiro nunha economía, as clases de diñeiro, as súas funcións e a importancia de ter unha moeda estable como medio de pagamento, diferenciando valores monetarios e valores reais.

- Analizar a balanza de pagamentos da economía española e os fluxos comerciais entre dúas economías e determinar como afecta aos seus compoñentes a variación nos seus fluxos comerciais, así como outras posibles modificacións en diversas variables macroeconómicas.

Este criterio pretende comprobar que se coñece o significado da balanza de pagamentos como a representación das relacións entre unha economía e o resto do mundo. Tamén que se identifican as principais partidas da balanza de pagamentos e que a súa análise permite coñecer as características dos fluxos comerciais internacionais, así como observar as consecuencias que as variacións no tipo de cambio teñen sobre as economías.

- Valorar o impacto do crecemento, as crises económicas, a integración económica e o mercado global na calidade de vida das persoas, no medio natural e na distribución da riqueza a nivel local e mundial, diferenciando efectos positivos e negativos. Analizar os problemas do crecemento económico e a pobreza dos países non desenvolvidos como resultado de relacións económicas desequilibradas e de desigualdades de xénero, xunto á necesidade de intercambios comerciais máis xustos e equitativos.

Preténdese con este criterio valorar se recoñecen as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, desigual segundo países e xénero, sobre a degradación ambiental e a calidade de vida, así como os problemas que limitan o desenvolvemento de determinadas economías. Búscase tamén comprobar que se identifican, a partir de casos concretos, medidas de política económica ambiental analizando os seus efectos a curto e longo prazo.

- Analizar posibles medidas redistributivas, os seus límites e efectos colaterais



e avaliar as medidas que favorecen a equidade nun suposto concreto.

Este criterio persegue comprobar a capacidade de análise das desigualdades económicas e o modo en que determinadas medidas poden corrixilas. Tamén busca valorar se se recoñece a eficacia da imposición directa e indirecta, as políticas sociais e de solidariedade.

- Valorar os argumentos que fundamentan as posicións favorables ao libre comercio ou ao proteccionismo, relacionándoos cos procesos de integración económica e as súas consecuencias. Identificar e contrastar as distintas áreas comerciais que existen no mundo e valorar o impacto das novas tecnoloxías fronte ás formas tradicionais de comercio.

Búscase que o alumnado identifique as diferentes posicións ante o comercio internacional e recoñeza as principais áreas de comercio internacional (con especial referencia á Unión Europea). Búscase tamén constatar a influencia das novas tecnoloxías nas actividades económicas de todos os países e mercados, así como as vantaxes e inconvenientes do proceso de globalización.

- Buscar, ler, interpretar e elaborar información estatística e gráfica sobre cuestións económicas de actualidade, diferenciando aspectos positivos de aspectos normativos.

Trátase de trasladar información nunha linguaxe verbal a outra estatística e gráfica (ou viceversa), utilizando as ferramentas fundamentais de cálculo, así coma os programas informáticos para o tratamento e a presentación da información económica. Así mesmo, búscase comprobar que se distingue entre datos, opinións e predicións e se recoñecen distintas posicións económicas que obedecen a distintos tipos de intereses.

- Identificar e valorar as repercusións sociais das actividades económicas, tomando conciencia da dificultade para compatibilizar un desexable

crecemento económico co desenvolvemento da calidade de vida e a igualdade.

Búscase que o alumnado tome conciencia de que o crecemento económico pode traer consigo problemas sociais de todo tipo (consumismo excesivo, esgotamento de recursos, explotación laboral, deterioración do medio natural) e cómpre buscar os medios para conseguir un desenvolvemento económico que garanta a calidade de vida.

- Valorar o potencial da economía galega: recursos e patrimonio natural, patrimonio histórico e cultural, o sector agrícola e gandeiro, o sector industrial.

Preténdese que o alumnado coñeza e valore o potencial económico de Galicia en sectores de especial relevancia, como o turismo, o sector agrícola e gandeiro e o sector industrial e da construción, sempre dentro dunha óptica de desenvolvemento sustentable.

## 7.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

- **Observación:** permite recoller información durante a avaliación continua, é indicada para comprobar a adquisición de contidos actitudinais e procedimentais. Elaboraranse uns instrumentos que permitan rexistrar sistematicamente a información recollida como as listas de control, escalas de estimación, rexistro anecdótico.
- **Revisión de actividades e traballos:** permite coñecer como o alumnado adquire e aplica os diferentes contidos traballados nas unidades, así como as dificultades de aprendizaxe polo que son un bo instrumento de avaliación continua.

- **Probas de avaliación:** consiste en que o alumno/a demostre os coñecementos adquiridos a través da realización de diversas actividades ou preguntas, este método complementará a información obtida a través dos outros procedementos.
- **Diario:** permite recoller información máis significativa e resumir como evolucionaron os alumnos dende o inicio do curso, sinalando as dificultades e os logros, as orientacións de mellora aplicadas e os resultados obtidos ao final do curso.

### 7.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación efectuarase a través de dous elementos: os exames de cada avaliación e os traballos, actividades e exercicios realizados ao longo da avaliación.

A ponderación dos exames na nota de avaliación será do 80%. A ponderación dos traballos, actividades e exercicios será do 20%. No caso de non acadar unha avaliación positiva na avaliación realizarase unha proba de recuperación ao comezo da seguinte avaliación na que o alumno volverá a examinarse das probas non superadas.

No caso de que a media final resulte con decimais a nota será a correspondente a parte enteira da mesma.

Calquera copia ou intento de copia ou plaxio nas actividades suporá a nota dun cero en dita actividade. No caso de copiar nunha proba escrita terá un 0 en dita avaliación.

A **recuperación** dos contidos desenvolvidos nas diferentes avaliacións realizarase do seguinte xeito:

- A recuperación da 1º avaliación farase ao principio da segunda avaliación.
- A recuperación da 2º avaliación farase ao principio da terceira avaliación.
- A recuperación da 3º avaliación farase no exame final.

Para a superación da materia será imprescindible ter superadas as tres avaliacións. A nota final de curso (xuño) obterase calculando a media aritmética das notas acadadas nos exames, traballos, actividades e exercicios realizados nas tres avaliacións, seguindo a ponderación indicada anteriormente. A nota calcularase facendo o redondeo ás unidades.

Aqueles alumnos que non superen a materia no mes de xuño terán dereito a unha proba extraordinaria en xuño, debendo obter unha nota igual ou superior a 5 para considerar aprobada a materia. Nesta proba escrita avaliarase a totalidade da materia independentemente das avaliacións que se aprobaran.

#### **7.4. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

Farase un cuestionario ó principio do curso para valorar os coñecementos previos dos alumnos e ter, deste xeito unha referencia do nivel do alumnado e poder determinar o punto de partida do curso. Ademais ó comezo de cada unidade farase unha actividade inicial consistente en debates, role playing, vídeos, imaxes ou artigos, co obxectivo de detectar os coñecementos previos e saber o punto de partida para a explicación dos contidos da unidade.

#### **7.5. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE**

Neste curso hai varios alumnos/as cursando 2º de Bacharelato, que pediron o cambio de modalidade de Ciencias a Ciencias Sociais, e que se matricularon en Economía de 1º de Bacharelato.

Nas datas fixadas polo centro para a recuperación de materias pendentes, realizaranse dúas probas que aborden os contidos mínimos da materia, cun previo reparto equitativo da materia para as dúas probas. Se o alumno acada polo menos un 5 nos dous exames, xa non terá que presentarse á proba ordinaria de maio e a materia quedará recuperada. O Departamento daralles indicacións durante o curso e facilitaralles materiais para que poidan preparar a materia, especificando os contidos para cada unha das probas e as actividades que poden realizar para preparalas.

## **7.6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ANTE POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria ou porque se determine que o alumnado acuda a clase de xeito alterno.

Para avaliar o traballo diario do alumnado que non poida acudir á clase a causa da situación sanitaria, o profesor pedirá que o alumno envíe a través da Aula Virtual un arquivo que amose que realizou as tarefas correspondentes.

Para preguntas orais, o profesor/a poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario acordado previamente.

As probas escritas realizaranse nas clases presenciais, pero se algún alumno non pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o

profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización dunha nova proba escrita presencial no momento en que sexa posible, realizar unha proba telemática, realizar unha proba escrita final global da avaliación ou realizar a proba recuperatoria da avaliación), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Sería a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria.

Para comprobar o seguimento diario do traballo do alumnado e para a avaliación continua o profesor pedirá que os alumnos/as envíen a través da Aula Virtual os arquivos que amosen que realizaron as tarefas correspondentes. De ser o caso, empregárase tamén a observación directa nas clases telemáticas (respostas e explicacións do alumnado a preguntas orais).

Para a avaliación en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas a exames, así como a traballos, actividade e exercicios, pode variar respecto ás asignadas en situación presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.

De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas realizadas telematicamente, cuestionarios online, entrega de tarefas de tempo limitado), aínda que se priorizarán as probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto como sexa posible.

Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara de xeito presencial e non presencial. O profesor determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.

En función da duración da situación e do contido académico afectado, o profesor decidirá o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado ás mesmas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ó alumnado. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización de probas

escritas presenciais no momento en que sexa posible, realización de probas escritas telemáticas con tempo limitado para a súa entrega, realización de tarefas que poden estar acompañadas de cuestións orais, realización de probas telemáticas tipo cuestionario), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Propónse unha introdución progresiva aos conceptos, termos e argumentos económicos co obxecto de que se adapten ás características e niveis dos alumnos. Partirase dos coñecementos previos e dos contidos básicos para afondar neles na medida que o alumno o permita. Optarase por unha metodoloxía cunha participación activa do alumno e diversa co fomento de actividades de distintos graos de dificultade.

As actividades presentaranse clasificadas por niveis de dificultade, serán variadas, adaptadas as motivacións e necesidades do alumno, fomentaranse actividades de traballo en grupo e propónse en cada unidade unha serie de actividades de ampliación e de reforzo.

## **9. TRATAMENTO DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Non só hai de transmitir aos alumnos/as uns conceptos, tamén hai que educalos en valores, é dicir, contribuír para que os alumnos/as non só se formen intelectualmente senón tamén como persoas e adquiren unha madurez persoal. Por iso combinarase a formación intelectual co desenvolvemento duns contidos actitudinais e de valores co obxectivo de que o alumnado tome conciencia e poña en práctica valores como a responsabilidade, cidadanía democrática,

solidariedade, tolerancia, igualdade, respecto, xustiza, evitar situacións de discriminación e resolver problemas de forma pacífica. Dende esta materia contribuírase a educar en valores xa que a medida que se van tratando os contidos tratarase de espertar e fomentar valores neles. Tratarase que os alumnos/as tomen conciencia dunha educación cívica mediante a realización de debates e traballos en grupo e tamén destacando a responsabilidade social da empresa. Tratarase de lograr unha convivencia e o respecto aos demais fomentando a educación para a paz mediante o traballo con textos sobre situacións de explotación infantil, malas prácticas por parte dalgunhas empresas. Nesta materia tratarase de evitar discriminacións por razón de sexo mediante o desenvolvemento da educación para a igualdade entre sexos destacando a labor de mulleres de grande importancia no mundo económico, ademais fomentarse unha actitude de igualdade na aula coa creación de grupos homoxéneos. Intentarase que o alumno/a tome conciencia das consecuencias dun consumo irresponsable mediante a educación para o consumo advertindo aos alumnos dos perigos dun consumo compulsivo, dunha publicidade enganosa e falando dos dereitos dos consumidores. Na aula tamén se fomentaran actitudes de respecto ao medio ambiente tratando a educación ambiental mediante a análise do impacto ambiental da economía e utilizando na aula material reciclado. Fomentarse na aula hábitos de vida saudable mediante o tratamento da educación para a saúde a través dos temas de saúde laboral e hixiene no traballo. Será importante tamén a educación sexual a través de textos sobre marxinacións en empresas. Intentarase inculcar que o tempo libre tamén pode ter un carácter didáctico desenvolvendo a educación para o ocio mediante o visionado de fragmento de películas onde ademais de entreterse traten aspectos didácticos como por exemplo “Los lunes al sol” onde poden facer unha reflexión sobre o desemprego. Ademais en cada unidade realizaranse unhas actividades específicas sobre os valores mais importantes tratados.

Por outra banda farase tamén referencia a aqueles contidos interdisciplinares que pola súa natureza están relacionados de forma directa con outras materias pertencentes a etapa, e que polo tanto, deben abordarse de forma conxunta poñendo en práctica as relacións que existen entre elas, estes contidos interdisciplinares iranse desenvolvendo ao longo das distintas unidades. Desta maneira o alumno descobre as aplicacións da Economía en campos concretos especialmente na práctica, contribuíndo así a incrementar a súa motivación na



aprendizaxe.

## **10. CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR E PLAN TICS**

### **Proxecto lector**

Dende a materia contribuírase ao Plan lector do centro realizando un taller de prensa coa lectura de textos e artigos de prensa, ademais propóranse lecturas relacionadas coa materia e utilízase a biblioteca do centro. Preténdese mellorar os hábitos de lectura, que os alumnos/as lean correctamente, comprendendo o significado do texto.

### **Plan de integración das TICs**

A aplicación das Tics ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Dende a materia de Economía contribuírase ao Plan de integración das Tics acudindo á aula de informática, realizando buscas de información, utilizándose recursos como vídeos, películas e imaxes.

## **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS**

Están previstas as seguintes actividades:

- Lectura e comentarios das novas económicas que aparezan diariamente nos medios de comunicación.
- Charlas sobre emprendemento e cooperativismo, se a situación sanitaria o permite.

## **12. PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS**

As materias deste departamento non están recollidas no artigo 3.7 da Orde do 24/06/2008, polo que non se necesitará a acreditación previa de coñecementos para cursar a materia.

## **13. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE**

Será necesario avaliar a programación para determinar a súa adecuación ás características dos alumnos/as, adecuación dos obxectivos, temporalización e secuenciación, co obxecto de introducir modificacións para melloralas. Este proceso desenvólvese permanentemente, para ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumnado alcance os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levarase a cabo unha avaliación a partir de:

- Os resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- A propia avaliación feita polo alumnado dos materiais, actividades...
- Opinións do alumnado trimestralmente sobre o que aprenderon, o que máis lle gustou ou que lle resultou máis difícil.

Para avaliar a programación o Departamento ten previsto facer:

- Memoria final da programación anual cos obxectivos logrados, cumprimento da programación, modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica, propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso e análise dos resultados da avaliación final do alumnado.
- Enquisas para cada materia con modelos semellantes aos recollidos no Anexo.

# **ECONOMÍA**

## **4º ESO**

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación didáctica de Economía de 4º ESO pretende a concreción dos elementos do currículo actual, coa finalidade de lograr os obxectivos así como o desenvolvemento das competencias clave expresadas na normativa, contribuíndo, do xeito que esta determina, ao logro das finalidades da ESO nos ámbitos de aplicación da LOMCE.

Esta programación redáctase de acordo cos criterios preceptivos expresados na normativa vixente:

- **L.O.M.C.E.** (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora de Calidade Educativa)
- **Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro**, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato. (B.O.E. 3 de xaneiro de 2015).
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 29 de xuño de 2015).
- **Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, (B.O.E. 29 de xaneiro)** pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social. Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser

humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais. A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos. O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A materia de Economía na Educación Secundaria Obrigatoria contribúe xunto ao resto a que o alumno adquira as capacidades que se buscan con cada competencia clave, pero tería especialmente a finalidade de desenvolver as competencias matemática, social e cívica, iniciativa e espírito emprendedor, ademais da competencia financeira que se engade de modo extracurricular. Aínda que cada materia contribúe de maneira distinta á adquisición destas competencias básicas, o currículo de Economía contribúe

especialmente ao seu desenvolvemento desta maneira:

a) **Competencia en comunicación lingüística.** Todas as materias deben contribuír á consecución desta competencia por parte do alumnado. A lectura, ademais de ser fonte de pracer, facilita a interpretación e comprensión permitindo facer uso da lingua falada e escrita. A finalidade da materia de Economía radica primordialmente en alcanzar un dominio na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao termo da etapa educativa teñan adquirido a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía na prensa xeneralista, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido económico correctamente. Tal desenvolvemento permitiralles construír o pensamento e expresar opinións fundadas sobre as mesmas. A tal fin, introduciranse lecturas ao longo de todos os temas, comentarios de texto xornalístico ou a confección de actividades específicas de procura de información, de debate e análise.

b) **Competencia matemática.** A adquisición desta competencia por parte do alumno suporá que teña a capacidade de poñer en práctica procesos de razoamento que lle leven á solución de problemas da vida cotiá. A competencia levará tamén a que poida razoar os problemas para extraer información, sendo capaz de identificar a validez dos razoamentos e dos resultados obtidos.

c) **Competencia dixital.** Esta materia contribúe a potenciar esta competencia polo feito de ter como obxectivo proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información fundamentalmente en prensa escrita. A procura desta información require o uso adecuado de bibliotecas, hemerotecas ou o dominio das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento na fase de documentación á hora de realizar traballos de investigación. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital; a iso tamén contribúe, o uso que esta materia fai dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e participativo que os alumnos deben coñecer, valorar e utilizar de modo crítico e responsable.

A LOMCE específica a este respecto que, «en canto á competencia dixital, os contidos, criterios e estándares de avaliación da materia incorporan o coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas: os sistemas de tratamento de textos, bases de datos, almacenamento e xestión de información, correo electrónico, etc. Tamén se procura desenvolver no alumnado a capacidade de buscar, obter e tratar a información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia e diferenciando entre información real e virtual. Outra capacidade potenciada é a de utilizar ferramentas informáticas para producir, presentar e comprender información de complexidade progresiva e ter a habilidade necesaria para acceder a servizos baseados en Internet,

buscalos e utilízalos; pero, ao mesmo tempo, tamén a capacidade de saber como empregar as TIC en apoio do pensamento crítico, a creatividade e a innovación. Nesta materia, a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación require dunha actitude especialmente crítica e reflexiva en relación coa información dispoñible.

d) **Competencia para aprender a aprender.** A adquisición desta competencia debe permitir ao alumno poder iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. O alumnado debe desenvolver a capacidade para motivarse por aprender, que á súa vez depende de que dende esta materia se xere a curiosidade e a necesidade desa aprendizaxe. A programación presentada busca, a través do xeito en que se presentan os contidos e do tipo de actividades expostas, que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas propostas.

e) **Competencia social e cívica.** A competencia social e cívica ten como obxectivo que o alumno logre un desenvolvemento persoal e profesional que lle permita unha eficaz incorporación á sociedade e a unha contorna laboral real. Neste sentido, a Economía é unha ferramenta poderosa para a interpretación do mundo e poder abordar os fenómenos e problemas sociais en distintos contextos. Para poder participar plenamente na sociedade democrática, é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica as opinións e comportamentos dos demais, respectando a diversidade. Por outra banda, a sociedade reclama cada vez máis a presenza de persoas emprendedoras con ideas propias e iniciativa, que, de forma responsable estean dispostas a participar e implicarse en procesos de mellora da sociedade.

f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** É a competencia máis directamente relacionada coa materia. A consecución da competencia nos alumnos permitirá conseguir futuros cidadáns emprendedores que participen e melloren a sociedade de modo activo. Os contidos presentados na programación procuran fomentar no alumnado a súa capacidade de pensamento creativo, aspecto este fundamental para o nacemento dos emprendedores, así como o coñecemento do funcionamento das sociedades empresariais desde o punto de vista ético e de responsabilidade social.

g) **Conciencia e expresións culturais.** Aínda que non é unha competencia directamente relacionada coa materia, o ensino da materia tamén debe contribuír a conseguila desde o punto de vista da valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas que teñen a súa repercusión tamén na economía. Así, por exemplo, dentro dos contidos propostos abórdase o tema da globalización que tamén ten un compoñente cultural que esixe por parte do alumno unha actitude crítica e reflexiva.

h) **“Competencia financeira”.** (Extracurricular) Aínda que a LOMCE non cita a competencia financeira, dentro das capacidades que o alumno debe conseguir ao longo da

etapa, esta programación aborda tamén dita competencia. A introdución da educación financeira no currículo de Educación Secundaria é cada vez maior e vén dada por as recomendacións da UE e da OCDE que mesmo a inclúe xa dentro das avaliacións realizadas nos informes PISA <sup>(1)</sup>. As razóns para incluír a educación financeira son variadas, e van desde as cada vez máis frecuentes crises económicas, a axustes nos sistemas de axudas públicas ou os cambios demográficos que supoñen o progresivo envellecemento da poboación nos países desenvolvidos. Neste contexto faise necesario que os cidadáns aborden a toma de decisións de tipo financeiro coa maior información e coñecemento posible. Esta programación aborda este tipo de ensinanzas buscando no alumno a adquisición de capacidades que lles permitan a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten. Os contidos expostos abordarán a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, ou o fomento do aforro como medio para a consecución da seguridade financeira no longo prazo. O alumno debe ser tamén capaz de xestionar de forma efectiva os seus gastos ou as débedas a curto prazo, logrando así os seus obxectivos persoais.

### **3. CONTRIBUCIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO**

#### **3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da



aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o

desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2. OBXECTIVOS CONCRETOS PARA A MATERIA**

1. Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar criticamente o impacto das accións dos axentes económicos sobre a contorna.
2. Adquirir e empregar vocabulario económico con precisión e rigor, de modo que permita coñecer, valorar e interpretar a realidade económica e social que nos rodea.
3. Describir a importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.
4. Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.

5. Coñecer, controlar e xestionar as variables de ingresos e gastos dun orzamento persoal e saber decidir con racionalidade entre distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionalas co benestar propio e social.
6. Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para alcanzar logros persoais.
7. Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar críticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto da igualdade e o benestar dunha sociedade.
8. Diagnosticar os efectos da inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos nunha sociedade.
9. Analizar as características principais do mercado de traballo, as políticas de emprego e valorar as oportunidades que presenta.
10. Coñecer e valorar as vantaxes que supuxo o comercio internacional, así como os custos que implicou no desenvolvemento dalgúns países. Valorar o potencial da integración económica e as perspectivas da economía galega no marco da internacionalización económica.
11. Buscar, seleccionar, comprender e valorar noticias económicas procedentes de distintas fontes.
12. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas económicos.

#### **4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS, TEMPORALIZACIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización
<b>Bloque 1. Ideas económicas básicas</b>					
- a - d	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencia ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CCL CSC	2 clases
- f	B1.4. O método na economía: modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción (FPP).	CCL CAA CSC	2 clases 2 clases 3 clases
- a - f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CMCCT CSC CMCCT CSC	3 clases 3 clases
<b>Bloque 2. Economía e empresa</b>					
- a - b - e - m	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha das súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CMCCT CSIEE CAA CD CSIEE CSC	3 clases 2 clases 2 clases
- a - f - e	B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica..	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CMCCT CSC CD CSC	2 clases 2 clases

- e - f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	- CCL - CD - CMCCT	2 clases
- e	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. B2.9. Resultados da empresa.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	- CD - CMCCT	2 clases
- a - e - f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.  ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	- CD - CMCCT  - CSC	2 clases  1 clase
<b>Bloque 3. Economía persoal</b>					
- d - e - f	B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.  ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.  ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	- CAA - CD - CMCCT  - CAA - CD - CMCCT  - CAA - CD - CMCCT	2 clases  2 clases  2 clases
- a - d - m	B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	- CAA - CSIEE	2 clases
- a - f	B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.  ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	- CAA - CSC - CSC	1 clase  2 clases
- a - b - e - f - g	B3.6. O diñeiro. B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.  ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	- CCL - CMCCT  - CCL - CAA - CD	2 clases  1 clase

			ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación das entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	- CAA - CD	1 clase
			ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	- CCL - CD - CMCCT	2 clases
- e - f - g	B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas etapas da vida.	- CAA - CCL - CMCCT	1 clase
<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b>					
- a - b - e - f - g - ñ	B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	- CMCCT - CSC	2 clases
			ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	- CD - CMCCT	2 clases
			ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	- CMCCT - CSC	2 clases
			ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	- CCL - CSC	1 clase
- a - e - f	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	- CCL - CMCCT	1 clase
- a - c - d - e - f	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	- CCL - CMCCT - CSC	2 clases
			ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	- CAA - CD - CMCCT	2 clases
<b>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b>					
- a - c - e - f	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	- CCL - CSC  - CCL - CMCCT - CSC	2 clases  1 clase
a c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. ECB5.2.3. Investiga e recoñece viveiros e tendencias de emprego.	- CCL - CMCCT - CSC  - CD - CSC  - CAA - CD	2 clases  2 clases  1 clase
<b>Bloque 6. Economía internacional</b>					

- a - e - f - m	B6.1. Globalización económica. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía ambiente: sustentabilidade.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	- CAA - CSC  - CCL - CSC  - CAA - CD - CSC  - CCL - CD - CSC  - CAA - CSC	2 clases   2 clases  1 clase  2 clases  2 clases
--------------------------	---	--	---	--	---

## **4.1. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS POR AVALIACIÓNS**

### 1ª AVALIACIÓN:

- Bloque I: Ideas económicas básicas
- Bloque II: Economía e empresa

### 2ª AVALIACIÓN:

- Bloque III: Economía persoal.
- Bloque IV: Economía e ingresos e gastos do Estado.

### 3ª AVALIACIÓN:

- Bloque V: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego.
- Bloque VI: Economía internacional.

## **4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

- Comprende o concepto de escaseza económica e relaciónao correctamente co concepto de custo das alternativas perdidas.
- É quen de distinguir proposicións positivas (“o que é”) das proposicións normativas (“o que debería ser”).
- Interpreta correctamente o modelo económico básico da FPP.
- É quen de entender as relacións entre familias e empresas a través do fluxo circular da renda.
- Identifica correctamente as distintas formas xurídicas de empresas e as súas principais características.
- Recoñece distintos tipos de empresas e reflexiona acerca da responsabilidade social de estas.



- Comprende cales son os factores de produción, calcula e analiza a súa produtividade e identifica procesos de produción eficientes.
- Clasifica correctamente actividades económicas distintas por sectores.
- Distingue as principais fontes de financiamento empresarial e os seus custos asociados.
- É quen de resolver supostos simples de cálculo do resultado empresarial.
- Distingue cales son os principais impostos que gravan a actividade empresarial no noso país.
- É quen de ordenar axeitadamente ingresos e gastos persoais de cara á elaboración dun orzamento persoal.
- Comprende os aspectos básicos da operativa bancaria.
- Diferencia distintos tipos de tarxetas bancarias e reflexiona acerca da importancia de utilizalas con seguridade.
- Distingue distintos tipos de seguro e valora a importancia das continxencias cubertas.
- Recoñece cales son os principais ingresos e gastos do Estado.
- Relaciona axeitadamente o comportamento dos ingresos e gastos públicos en cada fase do ciclo económico.
- Diferencia os conceptos de déficit e débeda pública.
- Identifica as desigualdades no reparto da renda como un problema a resolver a través da función redistributiva do Estado.
- Identifica as consecuencias negativas dunha inflación descontrolada.
- Interpreta axeitadamente que son os tipos de xuro e que consecuencias ten a súa variación na economía.
- É quen de comprender o significado de gráficos relacionados coa evolución dos tipos de xuro, a inflación ou o desemprego.
- É quen de analizar os principais datos da EPA e do SEPE sobre a evolución do desemprego.

- Entende o fenómeno da globalización e é quen de analízalo críticamente.
- Reflexiona acerca da importancia do comercio internacional.
- Comprende o proceso de integración económica da UE e algunhas das súas consecuencias.
- Recoñece a importancia dun desenvolvemento sustentable.

## **5. METODOLOXÍA**

### **5.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

A aprendizaxe significativa require crear na aula un clima que favoreza a autonomía do alumnado na toma de decisións, a participación na organización do proceso de ensino-aprendizaxe, a responsabilidade como persoa pertencente a un grupo, a coordinación de intereses e a superación de calquera tipo de discriminación, entre outras cuestións.

En calquera das estratexias didácticas adoptadas é esencial a realización de actividades por parte do alumnado, posto que cumpren os obxectivos seguintes:

- Afianzan a comprensión dos conceptos e permiten ao profesorado comprobalo.
- Son a base para o traballo cos procedementos característicos do método científico.
- Permiten dar unha dimensión práctica aos conceptos.
- Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado.

Formúlanse actividades de diverso tipo que serán seleccionadas de acordo cos seguintes criterios:

- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
- Que proporcionen situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións.
- Que estean perfectamente interrelacionadas cos contidos teóricos.
- Que teñan unha formulación clara, para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer.
- Que sexan variadas e permitan afianzar os conceptos; traballar os procedementos (textos, imaxes, gráficos, mapas), desenvolver actitudes que colaboren á formación humana e atender á diversidade na aula (teñen distinto grao de dificultade).
- Que dean unha proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade.
- Que sexan motivadoras e conecten cos intereses do alumnado, por referirse a temas actuais ou relacionados co seu ámbito.

A corrección das actividades fomenta a participación do

alumnado en clase, aclara dúbidas e permite ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo. Ao longo de 12 unidades didácticas e dos repaos trimestrais, a presente programación de Economía para 4.º ESO está estruturada da seguinte maneira:

- Desenvolvemento dos contidos de cada unidade de maneira clara e concisa.
- Actividades ao final de cada apartado para comprobar se o alumno asimilou correctamente os contidos de cada epígrafe.
- Ao longo de cada unidade ofrécense dous tipos máis de actividades: actividades prácticas que requiren un maior nivel de reflexión e actividades resoltas (actividades con solución que permiten asegurar a adquisición dos contidos máis complexos da unidade).
- Exporanse gran variedade de actividades, nas seccións finais de cada unidade, mediante as cales axudarase ao alumnado a reforzar e consolidar os contidos estudados:
  - ✓ Tarefas sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
  - ✓ Estudo de casos ou feitos e situacións concretas como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
  - ✓ Os proxectos de investigación, estudos ou traballos habitúan ao alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a formularse preguntas, e a adquirir experiencia na busca e a consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia e o coñecemento científico.
- Dentro de cada unidade o alumno atopará distintas iconografías (Sabías que..., Importante, Reflexión, etc.) que axudan a interpretar as distintas seccións da unidade.
- Cada unidade remata con distintos tipos de actividades: actividades finais teóricas e prácticas (que permiten ao alumno comprobar se adquiriu os coñecementos básicos da unidade, talleres de prensa (para traballar na procura de información e a comprensión e reflexión sobre noticias de prensa), Vocabulario (para lembrar as definicións traballadas na unidade), test de repaso (un rápido repaso de conceptos clave da unidade)...

## **5.2. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA A POSIBLES SITUACIÓNS**

## **DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria. Neste caso, os alumnos que non poidan acudir á clase de xeito presencial poderán seguir diariamente a materia impartida a través da Aula Virtual. Na Aula Virtual indícarase cada día a teoría e exercicios traballados na aula física, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poranse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumnado e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos solicitados.

No caso de que esta situación se prolongase moito no tempo, traballarase só as aprendizaxes consideradas imprescindibles da materia dese período e a temporalización poderá variar se fose necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

### **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Sería a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria. Nesta situación, empregarase tamén a Aula Virtual. Na mesma poñerase toda a toda a información para que o alumnado continúe co proceso de ensino-aprendizaxe: explicación da teoría da materia e exercicios a realizar, así como as súas solucións unha vez feitos os mesmos. Se é o caso, subíranse tamén vídeos

explicativos que axuden á comprensión da materia. Tamén se poderán impartir clases telemáticas, de ser posible.

Utilizarase diariamente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos que se lles soliciten.

En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período, polo que a temporalización poderá modificarse de ser necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Do mesmo xeito que na situación de semipresencialidade, prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como parte da metodoloxía proposta, utilizaranse unha serie de recursos didácticos:

- **Material impreso:** prestarase especial importancia a que estes materiais sexan comprensibles e acordes co nivel do alumnado. Empregaranse artigos, tanto de prensa xeral como especializada e seguirase o manual de Economía de McGraw-Hill.
- **Medios audiovisuais:** utilizaranse presentacións en Powerpoint para reforzar as explicacións. O vídeo tamén será un elemento de apoio para reforzar as explicacións e detectar coñecementos previos.
- **Novas tecnoloxías:** faranse sesións na aula de informática onde os alumnos/as farán buscas de información necesaria e resolverán exercicios.

Ademais, debido á situación sanitaria na que nos atopamos, utilizarase de xeito especial a Aula Virtual.

## **7. AVALIACIÓN**

### **7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas recoñecen a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprenden que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.

- Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas comprenden e utilizan correctamente termos da área da economía.

- Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas aplican razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas que se establecen entre as economías domésticas e as empresas, e tamén no seu contorno próximo.

- Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as

responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas distinguen as formas xurídicas das empresas e as relacionan coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. Identifican e valoran as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. E distinguen os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.

- Analizar as características principais do proceso produtivo.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas analizan os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía e dentifican os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.

- Identificar as fontes de financiamento das empresas.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas son quen de explicar as posibilidades de financiamento das empresas e de diferenciar o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.

- Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas distinguan os ingresos e os custos dunha empresa, calculen o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpretando os resultados.

- Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas identifican as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. E que valoren a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.

- Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas son quen de elaborar un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realizando o seu seguimento. Empregando ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. E manexando gráficos de análise que permitan comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.

- Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas comprenden as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. E que esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.

- Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas recoñecen e explican a relevancia do aforro e do control do gasto. Analizando as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a



decisión máis axeitada para cada momento

- Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas comprenden os termos fundamentais e describen o funcionamento das contas na operativa bancaria. Valoran e comprobán a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. Recoñecen a capacidade de negociación coas entidades financeiras, analizan os procedementos de reclamación ante estas e identifican e explican as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.

- Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas identifican, describen e clasifican os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.

- Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas identifican as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comentan as súas relacións. Analizan e interpretan datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. e distinguen nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.

- Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas comprenden e expresan as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.

- Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas coñecen e describen os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. E son quen de interpretar gráficos representativos da distribución da renda

- Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas recoñecen as causas da inflación e valoran as súas principais repercusións económicas e sociais. Son quen de explicar o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. E de valorar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.

- Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas son quen de describir as causas do desemprego e de valorar as súas principais repercusións económicas e sociais. De analizar os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego, así como de investigar e recoñecer viveiros e tendencias de emprego.

- Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas valoran o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplican a perspectiva global para emitir xuízos críticos. Explican as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. Analizan e presentan acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. Recoñecen e enumeran vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. Reflexionan sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analizan as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

## **7.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1. Observación: permite recoller información durante a avaliación continua. Elaboraranse uns instrumentos que permitan rexistrar sistematicamente a información recollida como as listas de control, escalas de estimación, rexistro anecdótico.
2. Revisión de actividades e traballos: permite coñecer cómo o alumnado adquire e aplica os diferentes contidos traballados, así como as dificultades de aprendizaxe.
3. Exames: consiste en que o alumno/a demostre os coñecementos adquiridos a través da realización de diversas actividades ou preguntas.
4. Diario: permite recoller información máis significativa e resumir cómo evolucionaron os alumnos dende o inicio do curso, sinalando as dificultades e os logros, as orientacións de mellora aplicadas e os resultados obtidos ao final do curso.

### **7.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A avaliación efectuarase a través de dous elementos: os exames de cada avaliación e os traballos, actividades e exercicios realizados ao longo da avaliación.

A ponderación dos exames na nota de avaliación será do 80%. A ponderación dos traballos, actividades e exercicios será do 20%. No caso de non acadar unha avaliación positiva na avaliación realizarase unha proba de recuperación ao comezo da seguinte avaliación na que o alumno volverá a examinarse das probas non superadas.

No caso de que a media final resulte con decimais a nota será a correspondente á parte enteira da mesma.

Calquera copia ou intento de copia ou plaxio nas actividades suporá a nota dun cero en dita actividade. No caso de copiar nunha proba escrita terá un 0 en dita avaliación.

### **7.4. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

O profesorado recopilará nos primeiros días de clase, información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave, realizaranse probas, e tamén se terán en conta os datos recollidos durante o desenvolvemento das clases, exercicios feitos na clase e na casa.

O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección

de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores a media do grupo. Dita información servirá ó profesor para programar as adaptacións necesarias, así como as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

## **7.5. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E MATERIAS PENDENTES**

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizará unha proba escrita no inicio da avaliación seguinte, e no suposto que non se recupere terá que facer outro exame escrito ao final do curso, onde se lle poderán formular preguntas sobre a materia que non houbera superado. Entenderase que para aprobar estas probas escritas, terá que facer un mínimo de 5 sobre 10, que será a puntuación máxima de cada unha delas.

En xuño, aqueles alumnos/as que non superaran algunha avaliación poderán realizar unha proba extraordinaria na que se examinarán de toda a materia do curso, entenderase que para aprobar esta proba escrita, terá que facer un mínimo de 5 sobre 10, que será a puntuación máxima da proba.

Non hai alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.

## **7.6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ANTE POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria.

Para avaliar o traballo diario do alumnado que non poida acudir á clase a causa da situación sanitaria, o profesor pedirá que o alumno envíe a través da Aula Virtual un arquivo que amose que realizou as tarefas correspondentes.

Para preguntas orais, o profesor/a poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario acordado previamente.

As probas escritas realizaranse nas clases presenciais, pero se algún alumno non pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización dunha nova proba escrita presencial no momento en que sexa posible, realizar unha proba telemática, realizar unha proba escrita final global da avaliación ou realizar a proba recuperatoria da avaliación), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Sería a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria.

Para comprobar o seguimento diario do traballo do alumnado e para a avaliación continua o profesor pedirá que os alumnos/as envíen a través da Aula Virtual os arquivos que amosen que realizaron as tarefas correspondentes. De ser o caso, empregarase tamén a observación directa nas clases telemáticas (respostas e explicacións do alumnado a preguntas orais).

Para a avaliación en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas a exames, así como a traballos, actividade e exercicios, pode variar respecto ás asignadas en situación presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.

De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas realizadas telematicamente, cuestionarios

online, entrega de tarefas de tempo limitado), aínda que se priorizarán as probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto como sexa posible.

Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara de xeito presencial e non presencial. O profesor determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.

En función da duración da situación e do contido académico afectado, o profesor decidirá o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado ás mesmas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ó alumnado. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización de probas escritas presenciais no momento en que sexa posible, realización de probas escritas telemáticas con tempo limitado para a súa entrega, realización de tarefas que poden estar acompañadas de cuestións orais, realización de probas telemáticas tipo cuestionario), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As necesidades educativas específicas son de natureza distinta; algunhas maniféstanse de forma temporal ou transitoria, mentres que outras son permanentes. Ademais, a súa orixe pode atribuírse a diversas causas:

- As asociadas a condicións escolares, familiares, socioculturais, económicas, etc., de orde eminentemente social.
- As que están vinculadas a problemas e retrasos no desenvolvemento e na aprendizaxe.
- A inmigración.

Os ámbitos da diversidade son, fundamentalmente:

- Capacidade para aprender. As actividades educativas que se formulen sitúanse entre o que xa saben facer os alumnos/as de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros/as.
- Motivacións. Cómpre que os contidos que se ofrezan ós alumnos/as posúan significado lóxico e lles resulten funcionais.
- Interese.
- Estilos de aprendizaxe. É preciso saber se o alumno/a, en función da súa forma de aprender é: reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico.

Asemade cómpre coñecer:

- a) A modalidade sensorial preferente, é dicir, que os seus coñecementos sexan percibidos - de modo principal - auditiva ou visualmente.
- b) Nivel de atención á tarefa segundo o tempo que sexan capaces de manterse atentos no traballo, adicarlle moito tempo ininterrompido ou necesitar frecuentes descansos.
- c) Tipo de reforzo máis adecuado. Uns continuamente, outros nunca, outros intermitentemente, con posibilidades de agrupamentos para o reforzo, dependendo dos casos.

O docente debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as, ou ante a existencia de diferentes graos de autonomía, ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.
- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado. De manifestarse algunha dificultade para traballar



determinados contidos, debe axustarse o grao de complexidade da actividade e os requerimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aqueles alumnos/as que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

- **Materiais didácticos non homoxéneos.** Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.** A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo ou profundización e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Igualmente, estas medidas de atención á diversidade, nomeadamente as 3 primeiras, tamén serán tidas en conta nas actividades de recuperación.

## 9. TRATAMENTO DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Na presente programación tivéronse en conta os temas transversais. Estes temas transversais son temas da vida diaria do alumnado e aparecen nalgúñas ocasións de forma explícita e outras de forma implícita. Nesta programación, tíveronse en conta diferentes temas transversais:

- **Educación ambiental** para sensibilizar aos alumnos/as á ecoloxía e desenvolver actitudes positivas para protexer o medioambiente.
- **Educación para a paz** para preconizar o diálogo coa finalidade de resolver os conflitos entre individuos ou grupos sociais. O alumno/a debe aprender a comunicar desenvolvendo actitudes de tolerancia e solidariedade.
- **Educación do consumidor** para que o alumno/a aprenda a consumir de maneira razoada, evitando malgastar e facer compras inútiles.
- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos** co fin de non marxinar ao sexo feminino.

- **Educación moral e cívica** para desenvolver os valores humanos. Promóvese esta educación intercultural a partir do respecto cara aos demais. O profesor ten que despertar o interese dos alumnos/as cara a outras culturas para que comprendan as diferenzas e se enriquezan desta realidade.

## **10. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

A lectura axuda a desenvolver persoas con máis recursos, máis reflexivas, máis razoables e con maior espírito crítico, persoas capaces de entender o mundo actual e de adaptarse aos cambios que están por chegar. Todos os días o alumnado ten que enfrontarse a textos, con diferentes graos de dificultade e con vocabulario económico, que necesitan comprender para poder asimilar os conceptos neles expostos e finalmente acadar os obxectivos das materias. A metodoloxía empregada para a docencia destas materias inclúe a lectura dalgún texto que amplíe ou matice a información contida no libro de texto.

A lectura practícase de forma cotiá na aula, partindo do propio libro de texto ou dos apuntes que o profesorado lles achega. Na aula tamén traballamos con artigos de prensa diaria, de revistas económicas, textos legais, páxinas web ou blogs con comentarios e explicacións interesantes e sinxelas sobre a actualidade económica.

Esta materia contribúe ao fomento da lectura das seguintes formas:

- Busca de información e lectura de textos sobre acontecementos e persoas relacionadas coa materia ao longo da historia.
- Valoración se a información dada por un texto é fiable, atendendo ás unidades de medida que se mencionan.
- Comprensión do enunciado dun problema a partir da análise de cada unha das partes do texto e a identificación dos aspectos máis relevantes, comprobación da coherencia da solución co problema proposto.
- Entender un texto co fin de poder resumir e analizar a súa información.
- Análise dos aspectos máis destacables dos gráficos a partir de exemplos tomados dos medios de comunicación e de informacións relacionadas co ámbito económico e empresarial.

Na biblioteca do centro atópanse diferentes libros sobre a empresa e o emprendemento e o profesorado do departamento animará ao alumnado a lectura dos mesmos.

## **11. CONTRIBUCIÓN A PLAN TICs**

- Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estadístico.
- Realización de operación combinadas coa calculadora, adaptándose ás características da máquina.
- Utilización da calculadora como ferramenta que facilita os cálculos.
- Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.
- Utilización da calculadora en situacións de proporcionalidade e porcentaxes.
- Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas variados.
- Emprego do computador para buscar información en Internet útil.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de estudo.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Lectura e comentarios das novas económicas que aparecen diariamente nos medios de comunicación.

- Charlas sobre emprendemento e cooperativismo, se a situación sanitaria o permite.

### **13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE**

Será necesario avaliar a programación para determinar a súa adecuación ás características dos alumnos/as, adecuación dos obxectivos, temporalización e secuenciación, co obxecto de introducir modificacións para melloralas. Este proceso desenvólvese permanentemente, para ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumnado alcance os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levarase a cabo unha avaliación a partir de:

- Os resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- A propia avaliación feita polo alumnado dos materiais, actividades...
- Opinións do alumnado trimestralmente sobre o que aprenderon, o que máis lle gustou ou que lle resultou máis difícil.

Para avaliar a programación o Departamento ten previsto facer:

- Memoria final da programación anual cos obxectivos logrados, cumprimento da programación, modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica, propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso e análise dos resultados da avaliación final do alumnado.
- Enquisas para cada materia con modelos semellantes aos recollidos no Anexo.

# **INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL**

**4º ESO**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar ao alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A Educación emprendedora relaciónase directamente coa competencia social e cidadá, pero ademais contribúe a desenvolver algúns aspectos destacados doutras competencias básicas.

En relación coa competencia en comunicación lingüística, a linguaxe empresarial consta dunha serie de conceptos e vocabulario cunhas especificidades que lle permitirán aos cidadáns ler, redactar o plan de empresa e interpretar a realidade actual.

A educación económica contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática dado que parte da materia consiste en cifrar o seu proxecto empresarial (por exemplo taxas, porcentaxes, etc) vai facilitar o desenvolvemento desta competencia.

Comprender as finanzas, desenvolve habilidades sobre a influencia da economía no mundo físico e contribúe ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e a interacción no medio físico. Valorar a importancia do emprendemento social responsable para favorecer a interrelación do home coa súa contorna.

Desde os procedementos da materia contribúese a desenvolver a competencia do tratamento da información e competencia dixital. A educación emprendedora vai aproveitar as TICs para realizar un tratamento de datos, poder manexar un gran número de informacións e desenvolver traballos e o plan de empresa aplicando as ferramentas web.

A competencia social e cidadá foméntase a través da toma de decisións valorando

as vantaxes e inconvenientes, logra unha educación dos cidadáns tanto no seu papel como empresarios responsables, éticos e solidarios, relacionando sempre as súas inquietudes cunha sustentabilidade global.

Da metodoloxía didáctica da materia, a poboación adquire competencias adecuadas para contribuír ao desenvolvemento da competencia cultural e artística, a través da importancia da creatividade como parte fundamental da innovación na economía.

A materia potencia mediante os proxectos de traballo grupales e individuais, a competencia de aprender a aprender seguindo o principio metodolóxico de aprender facendo. Así, organízanse os coñecementos mediante a aprendizaxe por proxectos con traballos secuenciados e monitorados polo profesor. Preténdese transmitir ao alumnado un método de traballo xerador de valor para o propio alumno e para a sociedade no seu conxunto.

### **3. CONTRIBUCIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO**

#### **3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da



aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o

desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2. OBXECTIVOS CONCRETOS PARA A MATERIA**

1. Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.
2. Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional da contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requerimentos para o desempeño profesional en cada un deles.
3. Diseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades da contorna coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

4. Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.
5. Distinguir os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.
6. Describir as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigacións de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas contingencias cubertas e describindo as prestacións mediante procuras nas webs institucionais.
7. Identificar as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes na contorna indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.
8. Determinar a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.
9. Identificar as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.
10. Describir a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.
11. Manexar como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.
12. Transmitir información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.

13. Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación na internet e en redes sociais aplicando os principios do márketing.
14. Desempeñar tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras segundo un plan de control prefixado.
15. Recompilar datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto da contorna próxima como do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa exposto.<sup>1</sup>
16. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoas coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.
17. Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.
18. Valorar as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.
19. Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.
20. Caracterizar de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
21. Presentar un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo da contorna mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando cocientes financeiros básicos.
22. Analizar os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades

financeiras da contorna para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.

23. Identificar as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS, indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

#### 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS, TEMPORALIZACIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Iniciación á Actividade Emprendora e Empresarial. 4º da ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización
Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación					
- a - g	B1.1. Autonomía e autoconecemento. Iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións para a carreira profesional.	B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.  IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.	CSIEE CAA	4 clases
- b - g	B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario profesional.	B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego e autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ó longo da vida.	IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ó longo da vida.	CAA CSIEE	4 clases
- a - c - g - m	B1.4. Dereito do traballo. B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva. B1.7. Seguridades Social e Sistema de protección.	B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e	IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	CSC CSIEE	3 clases

	Emprego e desemprego. B1.8. Protección do/dos traballador/a beneficiarios sociais. B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.	comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	<p>IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</p> <p>IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema de Seguridade social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas webs institucionais, valorando a súa acción protectora ante as contingencias cubertas.</p> <p>IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p>	<p>CSC CSIEE CMCCT</p> <p>CCL CSC CSIEE</p> <p>CAA CMCCT CSIEE</p>	<p>3 clases</p> <p>5 clases</p> <p>4 clases</p>
<b>Bloque 2. Proxecto de empresa</b>					
- d - g	B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa. B2.2. Elementos da estrutura da empresa. B2.3. Plan de empresa. B2.4. Planificación na empresa.	B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede lóxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.	<p>IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.</p> <p>IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.)</p> <p>IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxeitada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.</p> <p>IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.</p>	<p>CAA CSIEE</p> <p>CD CMCCT CSIEE</p> <p>CCL CMCCT CSIEE</p> <p>CCL CMCCT CSIEE</p>	<p>3 clases</p> <p>4 clases</p> <p>3 clases</p> <p>3 clases</p>
- b - g - h	B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo.	B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxectos aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial.	IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración persoal, para a organización da información da empresa proxeitada.	<p>CAA CD CMCCT</p>	6 clases

			IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	- CCL - CD - CMCCT - CSIEE	3 clases
- g - h - l	B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing. B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas.	B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo.	IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	- CCL - CD - CMCCT - CSIEE	6 clases
			IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	- CAA - CD - CMCCT - CSIEE	3 clases
			IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ó proxecto de empresa formulado.	- CD - CMCCT - CSIEE	3 clases
<b>Bloque 3. Finanzas</b>					
- d - g - h - l - ñ	B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica. B3.2. Elección da forma xurídica. B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa.	B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/as xestores/as, así como as esixencias de capital.	IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidade propias de cada tipo. IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha da empresa, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance de responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	- CMCCT - CSIEE  - CD - CMCCT - CSIEE  - CMCCT - CSC  - CAA - CMCCT - CSIEE	3 clases  2 clases  2 clases  3 clases

- b - f - g	B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as aplicadores/beneficiarios). B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PEME): comparación.	B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.	IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	- CD - CMCCT - CSIEE	4 clases
- b - f - g - I - ñ	B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo da viabilidade económica-financieira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas B3.7. Impostos que afectan ás empresas. Calendario fiscal.	B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.	IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieira a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis axeitados para o proxecto de empresa. IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ó sostemento das cargas do Estado.	- CAA - CD - CMCCT - CSIEE  - CAA - CD - CMCCT - CSIEE  - CD - CMCCT - CSIEE  - CAA - CSC	5 clases  5 clases  4 clases  2 clases



## **4.1. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS POR AVALIACIÓNS**

1ª AVALIACIÓN:

- Autonomía persoal, liderado e innovación.

2ª AVALIACIÓN:

- O proxecto de empresa

3ª AVALIACIÓN:

- Finanzas

## **4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

- Distinguir as distintas habilidades da persoa emprendedora.
- Identificar as distintas formas xurídicas de empresa, así como as diversas responsabilidades ante as débedas sociais.
- Coñecer diversas formas de xeración de ideas.
- Explicar o proceso de maduración das ideas dun proxecto emprendedor.
- Coñecer os trámites de constitución dunha empresa.
- Diferenciar as diferentes obrigas da empresa ante as distintas administracións: mercantís, fiscais, sociais, etc.
- Explicar os mecanismos de inserción no mundo laboral (currículo, entrevista...).
- Identificar as distintas axudas existentes para os proxectos emprendedores.
- Describir a memoria do proxecto e máis a súa conclusión, diferenciando entre control, avaliación e propostas de mellora do proxecto.

## **5. METODOLOXÍA**

### **5.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo. En concreto, na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, necesitamos adestrar de maneira sistemática os procedementos que conforman o andamiaxe da materia. A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise sobre a importancia do mundo da empresa na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se expón. Para iso, necesitamos un certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo sobre procedementos básicos da materia: a reflexión crítica, a análise da realidade, o desenvolvemento de capacidades individuais, a argumentación en público ou a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o adestramento sistemático de destrezas emprendedoras, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e profundar en contidos dese aspecto.

Doutra banda, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos

contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

## **5.2. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA A POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria. Neste caso, os alumnos que non poidan acudir á clase de xeito presencial poderán seguir diariamente a materia impartida a través da Aula Virtual. Na Aula Virtual indicárase cada día a teoría e exercicios traballados na aula física, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poráanse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumnado e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos solicitados.

No caso de que esta situación se prolongase moito no tempo, traballaranse só as aprendizaxes consideradas imprescindibles da materia dese período e a temporalización poderá variar se fose necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

## **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Sería a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria. Nesta situación, empregarase tamén a Aula Virtual. Na mesma poñerase toda a toda a información para que o alumnado continúe co proceso de ensino-aprendizaxe: explicación da teoría da materia e exercicios a realizar, así como as súas solucións unha vez feitos os mesmos. Se é o caso, subiranse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia. Tamén se poderán impartir clases telemáticas, de ser posible.

Utilizarase diariamente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos que se lles soliciten.

En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período, polo que a temporalización poderá modificarse de ser necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Do mesmo xeito que na situación de semipresencialidade, prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Como parte da metodoloxía proposta, utilizaranse unha serie de recursos didácticos:

- **Material impreso:** prestarase especial importancia a que estes materiais sexan comprensibles e acordes co nivel do alumnado. Empregaranse artigos, tanto de prensa xeral como especializada e seguirase o manual de Economía de McGraw-Hill.

- **Medios audiovisuais:** utilizaranse presentacións en Powerpoint para reforzar as explicacións. O vídeo tamén será un elemento de apoio para reforzar as explicacións e detectar coñecementos previos.
- **Novas tecnoloxías:** faranse sesións na aula de informática onde os alumnos/as farán buscas de información necesaria e resolverán exercicios. Ademais, debido á situación sanitaria na que nos atopamos, utilizarase de xeito especial a Aula Virtual.

## 7. AVALIACIÓN

### 7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer a importancia do espírito emprendedor e valorar a súa achega á comunidade como xeradora de riqueza.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas coñecen e valoran positivamente o importante papel económico desenvolvido polos emprendedores como axentes económicos e dinamizadores sociais que engaden valor e xeran riqueza á comunidade realizando unha tarefa que implica a asunción de riscos, anticipándose aos cambios e ás necesidades da sociedade.

- Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas recoñecen cales son as principais habilidades presentes nos emprendedores, separando as tres dimensións da acción emprendedora (a individual, a social e a directiva) e que comprenden que a actitude emprendedora é unha actitude vital que serve para calquera proxecto en que se trate de conseguir obxectivos e resultados, nun proceso de mellora constante.

- Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias e as características do contorno sociolaboral, para establecer obxectivos persoais e profesionais de futuro.

Pretende valorar a capacidade do alumnado para actuar de forma autónoma e tomar decisións sobre o seu futuro profesional de acordo co seu autoconhecimento e as posibilidades da súa realidade socioeconómica, aproveitando o seu potencial persoal e as oportunidades do seu contorno.

- Precisar diversos procedementos para a xeración de ideas emprendedoras, así como distintos métodos para seleccionalas e facelas madurar.

Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas asumen que existen técnicas específicas que axudan a desenvolver a creatividade e a detectar posibilidades mesmo en contextos pouco propicios, e que valoran positivamente os efectos do seu desenvolvemento. Comprobarase o desenvolvemento da proactividade como un xeito de actuar anticipándose aos problemas futuros, necesidades ou cambios, buscando detectar as oportunidades que ofrece o contorno.

- Identificar a importancia da planificación dos proxectos emprendedores, coñecer os elementos fundamentais que a integran e desenvolver proxectos e iniciativas persoais e profesionais.

Preténdese que os alumnos e alumnas demostren a importancia que ten a planificación para calquera tarefa, asumindo que, antes de poñerse a actuar, cómpre reflexionar facendo un labor de deseño que actúe como guía da actividade que se vai emprender. Asimesmo, comprobarase que o alumnado coñece cales son as partes fundamentais en que debe estruturarse calquera acción planificadora, que mostre hábitos de traballo individuais e cooperativos, asuma e responsabilícese das tarefas encomendadas mostrando actitudes de perseveranza, autonomía e espírito de equipo.

- Coñecer os trazos básicos das principais formas xurídicas de empresa e valorar especialmente os tipos de empresas de economía social.

Os alumnos e alumnas deben demostrar que recoñecen a importancia da forma xurídica dunha empresa e da súa elección, en que se diferencian unhas doutras incidindo especialmente no relativo ás diferenzas en materia de responsabilidade e de obrigas contraídas. Incidirase nas causas da especial valoración das empresas de economía social.

- Describir os principais trámites de constitución e cubrir algúns dos documentos relacionados, facendo especial fincapé nos dereitos e obrigas laborais e fiscais.

Verifícase que os alumnos e as alumnas coñecen os procedementos e documentos básicos de constitución e xestión dunha empresa ou asociación, incidindo na súa familiarización cos impresos e documentos relacionados co mundo laboral e fiscal (carta de presentación, currículo, instancia, nómina...), así como que son capaces de buscar e seleccionar información de forma obxectiva e crítica e de comunicala de forma razoada e correcta.

- Valorar a importancia dos procesos de avaliación e das reflexións finais tras a execución dos proxectos.

Trátase de comprobar que os alumnos e as alumnas tomaron conciencia da necesidade de control que todo proxecto implica, que as avaliacións teñen un dobre enfoque como comprobación e como medio de deteccións de erros e problemas co obxectivo final de mellorar.

- Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de uso habitual e transmitir mensaxes escritas ou orais básicas nunha lingua estranxeira.

Verifícase que os alumnos e as alumnas seleccionan as novas tecnoloxías axeitadas aos traballos que deben realizar e utilízanas con frecuencia e

eficacia, ao mesmo tempo que asumen a realidade do mundo globalizado actual que esixe coñecer outras realidades culturais e económicas, o que nos obriga a interpretar e transmitir mensaxes básicas nunha lingua estranxeira.

## 7.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1. **Observación:** permite recoller información durante a avaliación continua. Elaboraranse uns instrumentos que permitan rexistrar sistematicamente a información recollida como as listas de control, escalas de estimación, rexistro anecdótico.
2. **Revisión de actividades e traballos:** permite coñecer cómo o alumnado adquire e aplica os diferentes contidos traballados, así como as dificultades de aprendizaxe.
3. **Exames:** consiste en que o alumno/a demostre os coñecementos adquiridos a través da realización de diversas actividades ou preguntas.
4. **Diario:** permite recoller información máis significativa e resumir cómo evolucionaron os alumnos dende o inicio do curso, sinalando as dificultades e os logros, as orientacións de mellora aplicadas e os resultados obtidos ao final do curso.

## 7.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación efectuarase a través de dous elementos: os exames de cada avaliación e os traballos, actividades e exercicios realizados ao longo da avaliación.



A ponderación dos exames na nota de avaliación será do 60%. A ponderación dos traballos, actividades e exercicios será do 40%. No caso de non acadar unha avaliación positiva na avaliación realizarase unha proba de recuperación ao comezo da seguinte avaliación na que o alumno volverá a examinarse das probas non superadas.

No caso de que a media final resulte con decimais a nota será a correspondente á parte enteira da mesma.

Calquera copia ou intento de copia ou plaxio nas actividades suporá a nota dun cero en dita actividade. No caso de copiar nunha proba escrita terá un 0 en dita avaliación.

#### **7.4. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

O profesorado recopilará nos primeiros días de clase, información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave, realizaranse probas, e tamén se terán en conta os datos recollidos durante o desenvolvemento das clases, exercicios feitos na clase e na casa.

O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores a media do grupo. Dita información servirá ó profesor para programar as adaptacións necesarias, así como as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

#### **7.5. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E MATERIAS PENDENTES**

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizará unha proba escrita no inicio da avaliación seguinte, e no suposto que non se recupere terá que facer outro exame escrito ao final do curso, onde se lle poderán formular preguntas sobre a materia que non houbera superado. Entenderase que para aprobar estas probas escritas, terá que facer un mínimo de 5 sobre 10 que será a puntuación máxima de cada unha delas.

En xuño, aqueles alumnos/as que non superaran algunha avaliación poderán realizar unha proba extraordinaria que versará sobre toda a materia do curso. Entenderase que para superar esta proba escrita, terán que obter un mínimo de 5 sobre 10 que será a puntuación máxima da proba.

Non hai alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.

## **7.6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ANTE POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria.

Para avaliar o traballo diario do alumnado que non poida acudir á clase a causa da situación sanitaria, o profesor pedirá que o alumno envíe a través da Aula Virtual un arquivo que amose que realizou as tarefas correspondentes.

Para preguntas orais, o profesor/a poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario acordado previamente.

As probas escritas realizaranse nas clases presenciais, pero se algún alumno non pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización dunha nova proba escrita presencial no momento en que sexa posible, realizar unha proba telemática, realizar unha proba escrita final global da avaliación ou realizar a proba recuperatoria da avaliación), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Sería a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria.

Para comprobar o seguimento diario do traballo do alumnado e para a avaliación continua o profesor pedirá que os alumnos/as envíen a través da Aula Virtual os arquivos que amosen que realizaron as tarefas correspondentes. De ser o caso, empregárase tamén a observación directa nas clases telemáticas (respostas e explicacións do alumnado a preguntas orais).

Para a avaliación en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas a exames, así como a traballos, actividade e exercicios, pode variar respecto ás asignadas en situación presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.

De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas realizadas telematicamente, cuestionarios online, entrega de tarefas de tempo limitado), aínda que se priorizarán as probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto como sexa posible.

Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara de xeito presencial e non presencial. O profesor determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.

En función da duración da situación e do contido académico afectado, o profesor decidirá o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado ás mesmas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ó alumnado. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización de probas escritas presenciais no momento en que sexa posible, realización de probas escritas telemáticas con tempo limitado para a súa entrega, realización de tarefas que poden estar acompañadas de cuestións orais, realización de probas telemáticas tipo cuestionario), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As necesidades educativas específicas son de natureza distinta; algunhas maniféstanse de forma temporal ou transitoria, mentres que outras son permanentes. Ademais, a súa orixe pode atribuírse a diversas causas:

- As asociadas a condicións escolares, familiares, socioculturais, económicas, etc., de orde eminentemente social.
- As que están vinculadas a problemas e retrasos no desenvolvemento e na aprendizaxe.
- A inmigración.

Os ámbitos da diversidade son, fundamentalmente:

- Capacidade para aprender. As actividades educativas que se formulen sitúanse entre o que xa saben facer os alumnos/as de maneira autónoma e

o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros/as.

- Motivacións. Cómpre que os contidos que se ofrezan ós alumnos/as posúan significado lóxico e lles resulten funcionais.
- Interese.
- Estilos de aprendizaxe. É preciso saber se o alumno/a, en función da súa forma de aprender é: reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico.

Asemade cómpre coñecer:

- a) A modalidade sensorial preferente, é dicir, que os seus coñecementos sexan percibidos - de modo principal - auditiva ou visualmente.
- b) Nivel de atención á tarefa segundo o tempo que sexan capaces de manterse atentos no traballo, adicarlle moito tempo ininterrompido ou necesitar frecuentes descansos.
- c) Tipo de reforzo máis adecuado. Uns continuamente, outros nunca, outros intermitentemente, con posibilidades de agrupamentos para o reforzo, dependendo dos casos.

O docente debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as, ou ante a existencia de diferentes graos de autonomía, ou pola identificación de dificultades en procesos anteriores.
- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado. De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o grao de complexidade da actividade e os requerimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse

contidos complementarios ou de ampliación para aqueles alumnos/as que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.

- **Materiais didácticos non homoxéneos.** Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.** A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo ou profundización e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Igualmente, estas medidas de atención á diversidade, nomeadamente as 3 primeiras, tamén serán tidas en conta nas actividades de recuperación.

## 9. TRATAMENTO DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Na presente programación tivéronse en conta os temas transversais. Estes temas transversais son temas da vida diaria do alumnado e aparecen nalgunhas ocasións de forma explícita e outras de forma implícita. Nesta programación, tiveronse en conta diferentes temas transversais:

- **Educación ambiental** para sensibilizar aos alumnos/as á ecoloxía e desenvolver actitudes positivas para protexer o medioambiente.
- **Educación para a paz** para preconizar o diálogo coa finalidade de resolver os conflitos entre individuos ou grupos sociais. O alumno/a debe aprender a comunicar desenvolvendo actitudes de tolerancia e solidariedade.
- **Educación do consumidor** para que o alumno/a aprenda a consumir de maneira razoada, evitando malgastar e facer compras inútiles.
- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos** co fin de non marxinar ao sexo feminino.
- **Educación moral e cívica** para desenvolver os valores humanos. Promóvese esta educación intercultural a partir do respecto cara aos

demais. O profesor ten que despertar o interese dos alumnos/as cara a outras culturas para que comprendan as diferenzas e se enriquezan desta realidade.

## **10. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

A lectura axuda a desenvolver persoas con máis recursos, máis reflexivas, máis razoables e con maior espírito crítico, persoas capaces de entender o mundo actual e de adaptarse aos cambios que están por chegar. Todos os días o alumnado ten que enfrontarse a textos, con diferentes graos de dificultade e con vocabulario económico, que necesitan comprender para poder asimilar os conceptos neles expostos e finalmente acadar os obxectivos das materias. A metodoloxía empregada para a docencia destas materias inclúe a lectura dalgún texto que amplíe ou matice a información contida no libro de texto.

A lectura practícase de forma cotiá na aula, partindo do propio libro de texto ou dos apuntes que o profesorado lles achega. Na aula tamén traballamos con artigos de prensa diaria, de revistas económicas, textos legais, páxinas web ou blogs con comentarios e explicacións interesantes e sinxelas sobre a actualidade económica.

Esta materia contribúe ao fomento da lectura das seguintes formas:

- Busca de información e lectura de textos sobre acontecementos e persoas relacionadas coa materia ao longo da historia.
- Valoración se a información dada por un texto é fiable, atendendo ás unidades de medida que se mencionan.
- Comprensión do enunciado dun problema a partir da análise de cada unha das partes do texto e a identificación dos aspectos máis relevantes, comprobación da coherencia da solución co problema proposto.
- Entender un texto co fin de poder resumir e analizar a súa información.
- Análise dos aspectos máis destacables dos gráficos a partir de exemplos tomados dos medios de comunicación e de informacións relacionadas co ámbito económico e empresarial.

Na biblioteca do centro atópanse diferentes libros sobre a empresa e o emprendemento e o profesorado do departamento animará ao alumnado a lectura dos mesmos.

## **11. CONTRIBUCIÓN A PLAN TICs**

- Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estadístico.
- Realización de operación combinadas coa calculadora, adaptándose ás características da máquina.
- Utilización da calculadora como ferramenta que facilita os cálculos.
- Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.
- Utilización da calculadora en situacións de proporcionalidade e porcentaxes.
- Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas variados.
- Emprego do computador para buscar información en Internet útil.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de estudo.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Lectura e comentarios das novas económicas que aparecen diariamente nos medios de comunicación.
- Charlas sobre emprendemento e cooperativismo, se a situación sanitaria o



permite.

### **13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE**

Será necesario avaliar a programación para determinar a súa adecuación ás características dos alumnos/as, adecuación dos obxectivos, temporalización e secuenciación, co obxecto de introducir modificacións para melloralas. Este proceso desenvólvese permanentemente, para ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumnado alcance os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levarase a cabo unha avaliación a partir de:

- Os resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- A propia avaliación feita polo alumnado dos materiais, actividades...
- Opinións do alumnado trimestralmente sobre o que aprenderon, o que máis lle gustou ou que lle resultou máis difícil.

Para avaliar a programación o Departamento ten previsto facer:

- Memoria final da programación anual cos obxectivos logrados, cumprimento da programación, modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica, propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso e análise dos resultados da avaliación final do alumnado.
- Enquisas para cada materia con modelos semellantes aos recollidos no Anexo.

# **INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E FINANCEIRA**

**2º ESO**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Decreto 86/2015 de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle que o estudo e a formación en educación financeira faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social. Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe financeira utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo financeiro axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

Por outra banda, o espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con

posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento é tamén a meta desta materia. Inclúe así, aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar ao alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axudando ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, perseguindo que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia, consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado “Educación financeira”, está orientado a poder planificar e xestionar os recursos financeiros persoais de xeito responsable ao longo da vida.

O segundo bloque, "Iniciativa emprendedora e empresarial", busca despertar as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora.

O terceiro bloque “Proxecto de empresa”, busca pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerada previamente.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A Educación financeira e emprendedora relaciónase directamente coa competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como a competencia social e cidadá, pero ademais contribúe a desenvolver algúns aspectos destacados doutras competencias básicas.

En relación coa competencia en comunicación lingüística, a linguaxe empresarial consta dunha serie de conceptos e vocabulario cunhas especificidades que lle permitirán aos cidadáns ler, redactar o plan de empresa e interpretar a realidade actual.

A educación económica contribúe ao desenvolvemento da competencia

matemática, dado que parte da materia consiste en cifrar o seu proxecto empresarial (por exemplo taxas, porcentaxes, etc) o que vai facilitar o desenvolvemento desta competencia.

Comprender as finanzas, desenvolve habilidades sobre a influencia da economía no mundo físico e contribúe ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e a interacción no medio físico. Valorar a importancia do emprendemento social responsable para favorecer a interrelación do home coa súa contorna.

Desde os procedementos da materia contribúese a desenvolver a competencia do tratamento da información e competencia dixital. A educación emprendedora vai aproveitar as TICs para realizar un tratamento de datos, poder manexar un gran número de informacións e desenvolver traballos e o plan de empresa aplicando as ferramentas web.

A competencia social e cidadá foméntase a través da toma de decisións valorando as vantaxes e inconvenientes, logra unha educación dos cidadáns tanto no seu papel como empresarios responsables, éticos e solidarios, relacionando sempre as súas inquietudes cunha sustentabilidade global.

Da metodoloxía didáctica da materia, a poboación adquire competencias adecuadas para contribuír ao desenvolvemento da competencia cultural e artística, a través da importancia da creatividade como parte fundamental da innovación na economía.

A materia potencia mediante os proxectos de traballo grupales e individuais, a competencia de aprender a aprender seguindo o principio metodolóxico de aprender facendo. Así, organízanse os coñecementos mediante a aprendizaxe por proxectos con traballos secuenciados e monitorados polo profesor. Preténdese transmitir ao alumnado un método de traballo xerador de valor para o propio alumno e para a sociedade no seu conxunto.

### **3. CONTRIBUCIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO**

#### **3.1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA**

## OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2. OBXECTIVOS CONCRETOS PARA A MATERIA**

1. Obter os coñecementos que lles permitan administrar os seus recursos financeiros persoais de xeito responsable, para así, garantir a seguridade financeira ao longo da vida.
2. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida.
3. Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados.
4. Identificar os mercados financeiros, os intermediarios financeiros e os indicadores financeiros básicos vinculados coa evolución das condicións económicas que inflúen nas decisións financeiras da cidadanía.
5. Analizar as operacións de préstamo, diferenciando os tipos existentes en función das súas características e identificando os elementos integrantes, e avaliar a capacidade de endebedamento, garantindo a seguridade financeira.
6. Estimar a capacidade de negociación coas entidades bancarias, distinguir os custos dos produtos e dos servizos financeiros, e precisar os procesos de reclamación, ante entidades bancarias e organismos reguladores.
7. Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación.
8. Considerar a utilidade das tarxetas bancarias, identificar os elementos integrantes e operar con elas en condicións de seguridade.
9. Identificar as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.
10. Fomentar a creatividade, a motivación persoal, a xeración de ideas.
11. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as,



clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.

12. Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa
13. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoas coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.
14. Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa.
15. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.
16. Identificar as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS, indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

#### 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, COMPETENCIAS, TEMPORALIZACIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Iniciación á Actividade Emprendora e financeira. 2º da ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
Bloque 1. Educación financeira					
- a - b - e - f - g	B1.1. Educación financeira. B1.2. Obxectivos financeiros persoais. Seguridade financeira..	B1.1. Obter os coñecementos que lles permitan administrar os seus recursos financeiros persoais de xeito responsable, para así, garantir a seguridade financeira ao longo da vida.	B1.1.1. Recoñece as fontes de renda persoal e describe os tipos de recursos financeiros. B1.1.2. Procura alcanzar a seguridade financeira na concreción dos seus obxectivos financeiros persoais. B1.1.3. Identifica os tipos de investimentos ao longo da vida das persoas.	CL CMCCT CSC CEIEE	1 clase

- a - b - e - f - g	B1.3. Renda persoal: consumo e aforro. B1.4. Consumo: modalidades de consumo. B1.5. Aforro e investimento. B1.6. Rendibilidade e risco no investimento.	B1.2. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida.	B1.2.1. Identifica as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente. B1.2.2. Interpreta o significado de rendemento e risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. B1.2.3. Recoñece a dimensión temporal do consumo, e distingue do aforro e do investimento. B1.2.4. Representa graficamente as operacións de investimento e interpreta o significado de rendemento e do risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. B1.2.5. Identifica os motivos que conducen á decisión de aforrar.	CL CMCCT CSC CEIEE CD CAA CSIEE	1 clase
- a - b - e - f - g	B1.7 Planificación financeira ao longo da vida. B1.8. Orzamento persoal e familiar.	B1.3 Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados.	B1.3.1. Valora o impacto da planificación e a importancia do aforro na vida de cadaquén. B1.3.2. Identifica e clasifica ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar. B1.3.3. Avalía os gastos axustándoos aos ingresos e identifica medidas de control	CMCCT CSC CSIEE CMCCT CD CSIEE CMCCT CAA CSC CSIEE	1 clase 1 clase 1 clase
- a - b - e - f - g - h	B1.8. Sistema financeiro, indicadores económicos e tipos de xuro.	B1.4 Identificar os mercados financeiros, os intermediarios financeiros e os indicadores financeiros básicos vinculados coa evolución das condicións económicas que inflúen nas decisións financeiras da cidadanía.	B1.4.1. Relaciona a situación económico-financiera persoal cos principais indicadores económicos. B1.4.2. Explica o papel dos intermediarios financeiros na sociedade, e caracteriza e identifica os principais mercados financeiros.	CMCCT CSC CCL CMCCT CD CSIEE	1 clase 1 clase
- a - b - e - f - g -	B1.9. Operacións de financiamento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro. B1.10. Capacidade de endebedamento persoal. B1.11. Préstamos e contas de crédito. B1.12. Préstamos persoais e hipotecarios. B1.13. Finalidade, importe, prazo e tipo de xuro nos préstamos.	B1.5 Analizar as operacións de préstamo, diferenciando os tipos existentes en función das súas características e identificando os elementos integrantes, e avaliar a capacidade de endebedamento, garantindo a seguridade financeira.	B1.5.1. Recoñece as características e as diferenzas entre préstamos e pólizas de crédito. B1.5.2. Clasifica os préstamos segundo a garantía esixida pola entidade prestamista, definindo cada un dos tipos e analizando as súas características e os elementos integrantes. B1.5.3. Representa graficamente as operacións de financiamento, identificando os seus elementos integrantes, e recoñece os efectos do tipo de xuro. B1.5.4. Interpreta a diferenza entre o TXN e o TAE nas operacións de financiamento e entre os tipos de referencia oficiais para a determinación dos tipos de xuro aplicables. B1.5.5. Valora a idoneidade de cada tipo de préstamo en función da finalidade, o importe e o prazo.	CMCCT CD CSIEE CCL CMCCT CD CSIEE CMCCT CD CAA CSIEE CMCCT CD CAA CSIEE	1 clase 1 clase 1 clase 1 clase 1 clase
- a - b - e - f - g - h	B1.14. Relacións nos mercados financeiros: actitudes, información e negociación. B1.15. Tarifas dos produtos e servizos financeiros.	B1.6 Estimar a capacidade de negociación coas entidades bancarias, distinguir os custos dos produtos e dos servizos financeiros, e precisar os procesos de reclamación,	B1.6.1. Identifica os elementos das tarifas aplicadas á clientela polas entidades bancarias e compara as condicións ofrecidas por distintas entidades para elixir a mellor opción.	CMCCT CD CSIEE	1 clase

	B1.16. Procesos de reclamación perante os bancos e as entidades supervisoras.	deante entidades bancarias e organismos reguladores.	B1.6.2. Determina os procesos de reclamación perante entidades bancarias e organismos reguladores, e as actitudes que cómpre adoptar como persoa usuaria de servizos bancarios.	CMCCT CD CSC CSIEE	1 clase
			B1.6.3. Comprende os principais dereitos e deberes dos/das consumidores/as no mundo financeiro e recoñece as principais implicacións dos contratos financeiros.	CCL CMCCT CSC CSIEE	1 clase
			B1.6.4. Elabora un sinxelo escrito de reclamación perante unha entidade bancaria, utilizando unha estrutura formal axeitada.	CCL CMCCT CSC	1 clase
- a - b - e - f - g	B1.17. Operacións de investimento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro. B1.18. Depósitos e imposicións a prazo. B1.19. Contas á vista remuneradas.	B1.7 Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación.	B1.7.1. Recoñece as características dos tipos de depósitos e imposicións a prazo ofrecidas polas entidades bancarias. B1.7.2. Compara ofertas concretas de depósitos e imposicións a prazo mediante a consideración dos tipos efectivos de xuro aplicados. B1.7.3. Considera as características das contas á vista remuneradas existentes no mercado bancario, e diferéncias das imposicións e dos depósitos a prazo. B1.7.4. Avalía a oportunidade de contratación de imposicións e depósitos a prazo e de contas á vista remuneradas en función das condicións do mercado, e considera as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	CMCCT CD CSIEE CMCCT CD CAA CMCCT CD CSIEE CMCCT CD CSC CSIEE	1 clase 1 clase 1 clase 1 clase
- a - b - e - f - g	B1.20. Tarxetas bancarias: natureza, características e clasificación. Caixaeros automáticos. B1.21. Recomendacións de seguridade no uso das tarxetas.	B1.8 Considerar a utilidade das tarxetas bancarias, identificar os elementos integrantes e operar con elas en condicións de seguridade.	B1.8.1. Examina as características físicas das tarxetas, identifica os elementos integrantes e argumenta a súa utilidade principal. B1.8.2. Observa as recomendacións sobre seguridade na operativa con tarxetas bancarias.	CMCCT CD CMCCT CD CAA	1 clase 1 clase
<b>Bloque 2. Iniciativa emprendedora e empresarial</b>					
- e - g	B2.1. Autonomía e autoconecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. • B2.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para emprender..	B2.1 Fomentar a creatividade, a motivación persoal, a xeración de ideas	B2.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	CSIEE CAA	2 clases
<b>Bloque 3. Proxecto de empresa</b>					
- d - g	B3.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa. B3.2. Elementos e estrutura da empresa. B3.3. Plan de empresa. B3.4. Planificación na empresa.	B3.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.	B3.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. B3.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.)	CAA CSIEE CD CMCCT CSIEE	1 clases 1 clase

			B3.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	- CCL - CMCCT - CSIEE	1 clase
			B3.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	- CCL - CMCCT - CSIEE	1 clase
g h i	B3.5 Función comercial e de márketing.	B3.2 Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa	B3.2.1 Crea materiais publicitarios e para a difusión do seu produto e/ou servizo obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	- CCL - CSIEE - CD - CMCCT	1 clase
- d - g - h - l - ñ	B3.6. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica. B3.7. Elección da forma xurídica. B3.8. Trámites de posta en marcha dunha empresa.	B3.3. Distinguir diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoas coas esixencias de capital e responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/as e xestores/as.	B3.3.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidade propias de cada tipo. B3.3.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha da empresa, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. B3.3.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. B3.3.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance de responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	- CMCCT - CSIEE  - CD - CMCCT - CSIEE  - CMCCT - CSC  - CAA - CMCCT - CSIEE	1 clase  1 clase  1 clase  1 clase
b - f - g	B3.9 Investimentos precisos para a posta en marcha da empresa..	B3.4 Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa.	B3.4.1 Identificar os investimentos necesarios para a posta en marcha da empresa, e distingue as súas partidas relacionadas nun balance de situación..	- CSIEE - CMCCT - CD	1 clase
- b - f - g	B3.10. Fontes de Financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e Aplicación de beneficios). B3.11. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PEME): comparación.	B3.5. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.	B3.5.1. Caracteriza de xeito básico as Posibilidades de Financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	- CD - CMCCT - CSIEE	1 clase

- b - f - g - l - ñ	B3.12. Impostos que afectan ás empresas. Calendario fiscal.	B3.6 Identificar as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS, indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.	B3.6.1. Identifica as obrigacións fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. B3.6.2 Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.	- CMCCT - CSIEE - CAA	1 clase
---------------------------------	---	--	--	-----------------------------	---------

## **4.1. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS POR AVALIACIÓNS**

1ª AVALIACIÓN:

- Educación financeira.

2ª AVALIACIÓN:

- Iniciativa emprendedora e empresarial, e idea de negocio.

3ª AVALIACIÓN:

- Proxecto de empresa

## **4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**

- Elaborar un orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados.
- Identificar os mercados financeiros e os intermediarios financeiros.
- Coñecer os distintos tipos de préstamos e as súas características.
- Identificar produtos de aforro e o seu rendemento ofrecido.
- Coñecer a operativa das distintas tarxetas bancarias.
- Distinguir as distintas habilidades da persoa emprendedora.
- Coñecer diversas formas de xeración de ideas.
- Explicar o proceso de maduración das ideas dun proxecto emprendedor.
- Identificar as distintas formas xurídicas de empresa, así como as diversas responsabilidades ante as débedas sociais.
- Coñecer os trámites de constitución dunha empresa.
- Identificar as diferentes obrigas da empresa ante as distintas administracións: mercantís, fiscais, sociais, etc.
- Expoñer o proxecto de empresa.

## **5. METODOLOXÍA**

### **5.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo. En concreto, na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Financeira, necesitamos adestrar de maneira sistemática os procedementos que conforman o andamiaxe da materia. A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais para a vida. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise sobre a importancia do mundo financeiro e da empresa na actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas. Para iso, necesitamos un certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo sobre procedementos básicos da materia: a reflexión crítica, a análise da realidade, o desenvolvemento de capacidades individuais, a argumentación en público ou a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o adestramento sistemático de destrezas emprendedoras, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e profundar en contidos dese aspecto.

Doutra banda, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Financeira é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

## **5.2. ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA A POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria. Neste caso, os alumnos que non poidan acudir á clase de xeito presencial poderán seguir diariamente a materia impartida a través da Aula Virtual. Na Aula Virtual indicárase cada día a teoría e exercicios traballados na aula física, así como as tarefas para facer na casa. Se é o caso, poráanse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia.

A Aula Virtual do instituto será a canle fundamental de comunicación a distancia entre alumnado e profesor. Empregarase habitualmente a Aula Virtual para que o profesor propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos solicitados.

No caso de que esta situación se prolongase moito no tempo, traballarase só as aprendizaxes consideradas imprescindibles da materia dese período e a temporalización poderá variar se fose necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

### **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Será a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria. Nesta situación, empregarase tamén a Aula Virtual. Na mesma poñerase toda a toda a información para que o alumnado continúe co proceso de ensino-aprendizaxe: explicación da teoría da materia e exercicios a realizar, así como as súas solucións unha vez feitos os mesmos. Se é o caso, subiránse tamén vídeos explicativos que axuden á comprensión da materia. Tamén se poderán impartir clases telemáticas, de ser posible.



Utilizarase diariamente a Aula Virtual para que o profesor aporte a información necesaria, propoña as tarefas correspondentes, e como medio oficial para que os alumnos envíen ó profesor os traballos que se lles soliciten.

En situación de non presencialidade, traballarase só sobre as aprendizaxes imprescindibles da materia dese período, polo que a temporalización poderá modificarse de ser necesario. Considéranse aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave as que figuran no apartado “Grao mínimo de consecución para superar a materia”. Son os mínimos esixibles para a superación da materia.

Do mesmo xeito que na situación de semipresencialidade, prestarase especial atención ao alumnado con dificultades derivadas de problemas de conexión, sendo aplicables medidas de atención á diversidade que se poidan establecer nestes casos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como parte da metodoloxía proposta, utilizaranse unha serie de recursos didácticos:

- **Material impreso:** prestarase especial importancia a que estes materiais sexan comprensibles e acordes co nivel do alumnado. Empregaranse artigos, tanto de prensa xeral como especializada.
- **Medios audiovisuais:** utilizaranse presentacións en Powerpoint para reforzar as explicacións. O vídeo tamén será un elemento de apoio para reforzar as explicacións e detectar coñecementos previos.
- **Novas tecnoloxías:** faranse sesións na aula de informática onde os alumnos/as farán buscas de información necesaria e resolverán exercicios. Ademais, debido á situación sanitaria na que nos atopamos, utilizarase de xeito especial a Aula Virtual.

## 7. AVALIACIÓN

### 7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Obter os coñecementos que lles permitan administrar os seus recursos financeiros persoais de xeito responsable, para así, garantir a seguridade financeira ao longo da vida

Pretende verificar que os alumnos e alumnas recoñecen as fontes de renda persoal e procuran a seguridade financeira, identificando os tipos de investimentos ao longo da vida.

- Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas identifican as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente, interpretan o significado de rendemento e risco, recoñecen os beneficios da diversificación.

- Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas identifican e clasifican ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar. Avalían os gastos axustándoos aos ingresos e identifican medidas de control

- Identificar os mercados financeiros, os intermediarios financeiros e os indicadores financeiros básicos vinculados coa evolución das condicións económicas que inflúen nas decisións financeiras da cidadanía.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas coñecen o papel dos intermediarios financeiros na sociedade, e caracterizan e identifican os principais mercados financeiros

- Analizar as operacións de préstamo, diferenciando os tipos existentes en función das súas características e identificando os elementos integrantes, e avaliar a capacidade de endebedamento, garantindo a seguridade financeira.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas recoñecen as características e as diferenzas entre préstamos e pólizas de crédito. Clasifican os préstamos segundo a garantía esixida pola entidade prestamista, definindo cada un dos tipos e analizando as súas características e os elementos integrantes.

- Estimar a capacidade de negociación coas entidades bancarias, distinguir os custos dos produtos e dos servizos financeiros, e precisar os procesos de reclamación, ante entidades bancarias e organismos reguladores.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas identifican os elementos das tarifas aplicadas á clientela polas entidades bancarias e comparan as condicións ofrecidas por distintas entidades para elixir a mellor opción. E tamén que coñecen os procesos de reclamación perante entidades bancarias e organismos reguladores, e as actitudes que cómpre adoptar como persoa usuaria de servizos bancarios

- Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas recoñecen as características dos tipos de depósitos e imposicións a prazo ofrecidas polas entidades bancarias, son quen de comparar as ofertas concretas de depósitos e imposicións a prazo mediante a consideración dos tipos efectivos de xuro aplicados. E dinstingue as características das contas á vista remuneradas existentes no mercado bancario, e diferénciaas das imposicións e dos depósitos a prazo.

- Considerar a utilidade das tarxetas bancarias, identificar os elementos integrantes e operar con elas en condicións de seguridade.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas coñecen as características físicas das tarxetas, identifican os elementos integrantes e argumentan a súa utilidade principal e observan as recomendacións sobre seguridade na operativa con tarxetas bancarias.

- Recoñecer a importancia do espírito emprendedor e valorar a súa achega á

comunidade como xeradora de riqueza.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas coñecen e valoran positivamente o importante papel económico desenvolvido polos emprendedores como axentes económicos e dinamizadores sociais que engaden valor e xeran riqueza á comunidade realizando unha tarefa que implica a asunción de riscos, anticipándose aos cambios e ás necesidades da sociedade.

- Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas recoñecen cales son as principais habilidades presentes nos emprendedores, separando as tres dimensións da acción emprendedora (a individual, a social e a directiva) e que comprenden que a actitude emprendedora é unha actitude vital que serve para calquera proxecto en que se trate de conseguir obxectivos e resultados, nun proceso de mellora constante.

- Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias

Pretende valorar a capacidade do alumnado para actuar de forma autónoma e tomar decisións sobre o seu futuro profesional de acordo co seu autoconhecimento e as posibilidades da súa realidade socioeconómica, aproveitando o seu potencial persoal e as oportunidades do seu contorno.

- Precisar diversos procedementos para a xeración de ideas emprendedoras, así como distintos métodos para seleccionalas e facelas madurar.

Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas asumen que existen técnicas específicas que axudan a desenvolver a creatividade e a detectar posibilidades mesmo en contextos pouco propicios, e que valoran positivamente os efectos do seu desenvolvemento. Comprobarase o desenvolvemento da proactividade como un xeito de actuar anticipándose aos problemas futuros, necesidades ou cambios, buscando detectar as oportunidades que ofrece o contorno.

- Identificar a importancia da planificación dos proxectos emprendedores, coñecer os

elementos fundamentais que a integran e desenvolver proxectos e iniciativas persoais e profesionais.

Preténdese que os alumnos e alumnas demostren a importancia que ten a planificación para calquera tarefa, asumindo que, antes de poñerse a actuar, cómpre reflexionar facendo unha labor de deseño que actúe como guía da actividade que se vai emprender. Asimesmo, comprobarase que o alumnado coñece cales son as partes fundamentais en que debe estruturarse calquera acción planificadora, que mostre hábitos de traballo individuais e cooperativos, asuma e responsabilícese das tarefas encomendadas mostrando actitudes de perseveranza, autonomía e espírito de equipo.

- Coñecer os trazos básicos das principais formas xurídicas de empresa e valorar especialmente os tipos de empresas de economía social.

Os alumnos e alumnas deben demostrar que recoñecen a importancia da forma xurídica dunha empresa e da súa elección, en que se diferencian unhas doutras incidindo especialmente no relativo ás diferenzas en materia de responsabilidade e de obrigas contraídas. Incidirase nas causas da especial valoración das empresas de economía social.

- Describir os principais trámites de constitución e cubrir algúns dos documentos relacionados, facendo especial fincapé nos dereitos e obrigas laborais e fiscais.

Verifícase que os alumnos e as alumnas coñecen os procedementos e documentos básicos de constitución e xestión dunha empresa ou asociación, incidindo na súa familiarización cos impresos e documentos relacionados co mundo laboral e fiscal (carta de presentación, currículo, instancia, nómina...), así como que son capaces de buscar e seleccionar información de forma obxectiva e crítica e de comunicala de forma razoada e correcta.

## **7.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Utilizaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1. Observación: permite recoller información durante a avaliación continua. Elaboraranse uns instrumentos que permitan rexistrar sistematicamente a información recollida como as listas de control, escalas de estimación, rexistro anecdótico.
2. Revisión de actividades e traballos: permite coñecer cómo o alumnado adquire e aplica os diferentes contidos traballados, así como as dificultades de aprendizaxe.
3. Exames: consiste en que o alumno/a demostre os coñecementos adquiridos a través da realización de diversas actividades ou preguntas.
4. Diario: permite recoller información máis significativa e resumir cómo evolucionaron os alumnos dende o inicio do curso, sinalando as dificultades e os logros, as orientacións de mellora aplicadas e os resultados obtidos ao final do curso.

### **7.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A avaliación efectuarase a través de dous elementos: os exames de cada avaliación e os traballos, actividades e exercicios realizados ao longo da avaliación.

A ponderación dos exames na nota de avaliación será do 70%. A ponderación dos traballos, actividades e exercicios será do 30%. No caso de non acadar unha avaliación positiva na avaliación realizarase unha proba de recuperación ao comezo da seguinte avaliación na que o alumno volverá a examinarse das probas non superadas.

No caso de que a media final resulte con decimais a nota será a correspondente á parte enteira da mesma.

Calquera copia ou intento de copia ou plaxio nas actividades suporá a nota dun cero en dita actividade. No caso de copiar nunha proba escrita terá un 0 en dita avaliación.

### **7.4. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS**

O profesorado recopilará nos primeiros días de clase, información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave, realizaranse probas, e tamén se terán en conta os datos recollidos durante o desenvolvemento das clases, exercicios feitos na clase e na casa.

O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado tales como o seu coñecemento acerca das destrezas propias da materia e a detección de alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores a media do grupo. Dita información servirá ó profesor para programar as adaptacións necesarias, así como as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario.

## **7.5. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E MATERIAS PENDENTES**

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizará unha proba escrita no inicio da avaliación seguinte, e no suposto que non se recupere terá que facer outro exame escrito ao final do curso, onde se lle formularán preguntas sobre a materia que non houbera superado. Entenderase que para aprobar estas probas escritas, terán que facer un mínimo de 5 sobre 10 que será a puntuación máxima de cada unha delas.

En xuño, aqueles alumnos/as que non superaran algunha avaliación poderán realizar unha proba extraordinaria, que versará sobre toda a materia do curso, tendo que obter un mínimo de 5 sobre 10 que será a puntuación máxima de cada unha delas.

Non hai alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.

## **7.6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ANTE POSIBLES SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE DERIVADAS DA INCIDENCIA DA COVID-19**

### **A) SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE**

Trátase dunha situación na que algúns alumnos do grupo non acoden presencialmente á aula por ter que manter corentena sanitaria.

Para avaliar o traballo diario do alumnado que non poida acudir á clase a causa da situación sanitaria, o profesor pedirá que o alumno envíe a través da Aula Virtual un arquivo que amose que realizou as tarefas correspondentes.

Para preguntas orais, o profesor/a poderá citar por videoconferencia ós seus alumnos en un horario acordado previamente.

As probas escritas realizaranse nas clases presenciais, pero se algún alumno non pode asistir por causa xustificada a unha ou a varias probas escritas presenciais, o profesor decidirá en cada caso, o tipo de probas ou tarefas que deberá realizar. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización dunha nova proba escrita presencial no momento en que sexa posible, realizar unha proba telemática, realizar unha proba escrita final global da avaliación ou realizar a proba recuperatoria da avaliación), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

### **B) SITUACIÓN DE NON PRESENCIALIDADE**

Sería a situación na que ningún alumno/a asistise a clase a causa da situación sanitaria.

Para comprobar o seguimento diario do traballo do alumnado e para a avaliación continua o profesor pedirá que os alumnos/as envíen a través da Aula Virtual os arquivos que amosen que realizaron as tarefas correspondentes. De ser o caso, empregárase tamén a



observación directa nas clases telemáticas (respostas e explicacións do alumnado a preguntas orais).

Para a avaliación en situación de non presencialidade, as porcentaxes asignadas a exames, así como a traballos, actividade e exercicios, pode variar respecto ás asignadas en situación presencial e semipresencial. O profesor valorará e decidirá o peso outorgado a cada parte.

De ser estritamente necesario poderase substituír unha proba presencial por probas telemáticas (probas escritas realizadas telematicamente, cuestionarios online, entrega de tarefas de tempo limitado), aínda que se priorizarán as probas escritas presenciais da materia impartida tan pronto como sexa posible.

Para a cualificación dunha avaliación na que se realizaran probas escritas presenciais e probas telemáticas, o peso correspondente a cada proba variará en función da cantidade de materia que se avaliara de xeito presencial e non presencial. O profesor determinará en cada caso o peso correspondente a cada proba para a media das probas da avaliación.

En función da duración da situación e do contido académico afectado, o profesor decidirá o tipo de probas e tarefas, e o peso outorgado ás mesmas dentro da avaliación correspondente, para avaliar e cualificar de forma obxectiva ó alumnado. O profesor poderá optar polas que considere mais axeitadas (realización de probas escritas presenciais no momento en que sexa posible, realización de probas escritas telemáticas con tempo limitado para a súa entrega, realización de tarefas que poden estar acompañadas de cuestións orais, realización de probas telemáticas tipo cuestionario), buscando sempre, na medida do posible, a mellor valoración obxectiva dos coñecementos do alumnado.

## **8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As necesidades educativas específicas son de natureza distinta; algunhas maniféstanse de forma temporal ou transitoria, mentres que outras son permanentes. Ademais, a súa orixe pode atribuírse a diversas causas:

- As asociadas a condicións escolares, familiares, socioculturais, económicas, etc.,

de orde eminentemente social.

- As que están vinculadas a problemas e retrasos no desenvolvemento e na aprendizaxe.
- A inmigración.

Os ámbitos da diversidade son, fundamentalmente:

- Capacidade para aprender. As actividades educativas que se formulen sitúanse entre o que xa saben facer os alumnos/as de maneira autónoma e o que son capaces de facer coa axuda do profesor ou dos seus compañeiros/as.
- Motivacións. Cómpre que os contidos que se ofrezan ós alumnos/as posúan significado lóxico e lles resulten funcionais.
- Interese.
- Estilos de aprendizaxe. É preciso saber se o alumno/a, en función da súa forma de aprender é: reflexivo ou impulsivo, sintético ou analítico.

Asemade cómpre coñecer:

- a) A modalidade sensorial preferente, é dicir, que os seus coñecementos sexan percibidos - de modo principal - auditiva ou visualmente.
- b) Nivel de atención á tarefa segundo o tempo que sexan capaces de manterse atentos no traballo, adicarlle moito tempo ininterrompido ou necesitar frecuentes descansos.
- c) Tipo de reforzo máis adecuado. Uns continuamente, outros nunca, outros intermitentemente, con posibilidades de agrupamentos para o reforzo, dependendo dos casos.

O docente debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades a través de:

- **Metodoloxías diversas**, que se poden introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as, ou ante a existencia de diferentes graos de autonomía, ou pola identificación de dificultades en

procesos anteriores.

- **Propostas de actividades diferenciadas**, adaptadas ás necesidades e ás motivacións do alumnado. De manifestarse algunha dificultade para traballar determinados contidos, debe axustarse o grao de complexidade da actividade e os requirimentos da tarefa ás súas posibilidades. Prepararanse contidos complementarios ou de ampliación para aqueles alumnos/as que sexan capaces de avanzar con máis rapidez.
- **Materiais didácticos non homoxéneos**. Os materiais deben ofrecer una ampla gama de actividades didácticas que respondan ós distintos graos de aprendizaxe.
- **Agrupamentos flexibles e ritmos distintos**. A organización en grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite que o alumnado poida situarse en diferentes tarefas, propor actividades de reforzo ou profundización e adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Igualmente, estas medidas de atención á diversidade, nomeadamente as 3 primeiras, tamén serán tidas en conta nas actividades de recuperación.

## 9. TRATAMENTO DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Na presente programación tivéronse en conta os temas transversais. Estes temas transversais son temas da vida diaria do alumnado e aparecen nalgúns ocasións de forma explícita e outras de forma implícita. Nesta programación, tiveronse en conta diferentes temas transversais:

- **Educación ambiental** para sensibilizar aos alumnos/as á ecoloxía e desenvolver actitudes positivas para protexer o medioambiente.
- **Educación para a paz** para preconizar o diálogo coa finalidade de resolver os conflitos entre individuos ou grupos sociais. O alumno/a debe aprender a comunicar desenvolvendo actitudes de tolerancia e solidariedade.
- **Educación do consumidor** para que o alumno/a aprenda a consumir de maneira razoada, evitando malgastar e facer compras inútiles.
- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos** co fin de

non marxinar ao sexo feminino.

- **Educación moral e cívica** para desenvolver os valores humanos. Promóvese esta educación intercultural a partir do respecto cara aos demais. O profesor ten que espertar o interese dos alumnos/as cara a outras culturas para que comprendan as diferenzas e se enriquezan desta realidade.

## 10. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A lectura axuda a desenvolver persoas con máis recursos, máis reflexivas, máis razoables e con maior espírito crítico, persoas capaces de entender o mundo actual e de adaptarse aos cambios que están por chegar. Todos os días o alumnado ten que enfrontarse a textos, con diferentes graos de dificultade e con vocabulario económico, que necesitan comprender para poder asimilar os conceptos neles expostos e finalmente acadar os obxectivos das materias. A metodoloxía empregada para a docencia destas materias inclúe a lectura dalgún texto que amplíe ou matice a información contida no libro de texto.

A lectura practícase de forma cotiá na aula, partindo do propio libro de texto ou dos apuntes que o profesorado lles achega. Na aula tamén traballamos con artigos de prensa diaria, de revistas económicas, textos legais, páxinas web ou blogs con comentarios e explicacións interesantes e sinxelas sobre a actualidade económica.

Esta materia contribúe ao fomento da lectura das seguintes formas:

- Busca de información e lectura de textos sobre acontecementos e persoas relacionadas coa materia ao longo da historia.
- Valoración se a información dada por un texto é fiable, atendendo ás unidades de medida que se mencionan.
- Comprensión do enunciado dun problema a partir da análise de cada unha das partes do texto e a identificación dos aspectos máis relevantes, comprobación da coherencia da solución co problema proposto.
- Entender un texto co fin de poder resumir e analizar a súa información.
- Análise dos aspectos máis destacables dos gráficos a partir de exemplos tomados dos medios de comunicación e de informacións relacionadas co ámbito económico e empresarial.

Na biblioteca do centro atópanse diferentes libros sobre educación financeira, tamén sobre a empresa e o emprendemento e o profesorado do departamento animará ao alumnado a lectura dos mesmos.

## **11. CONTRIBUCIÓN A PLAN TICs**

- Utilización de ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estadístico.
- Realización de operación combinadas coa calculadora, adaptándose ás características da máquina.
- Utilización da calculadora como ferramenta que facilita os cálculos.
- Utilización da calculadora como axuda nos cálculos matemáticos con números decimais e fraccións.
- Utilización da calculadora en situacións de proporcionalidade e porcentaxes.
- Utilización de programas informáticos como axuda na resolución de problemas variados.
- Emprego do computador para buscar información en Internet útil.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento básico de estudo.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- Lectura e comentarios das novas económicas que aparezan diariamente nos medios de comunicación.
- Charlas sobre finanzas, emprendemento e cooperativismo, se a situación sanitaria o permite.

### **13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE**

Será necesario avaliar a programación para determinar a súa adecuación ás características dos alumnos/as, adecuación dos obxectivos, temporalización e secuenciación, co obxecto de introducir modificacións para melloralas. Este proceso desenvólvese permanentemente, para ir axustando as posibles deficiencias que se poidan detectar.

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumnado alcance os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levarase a cabo unha avaliación a partir de:

- Os resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- A propia avaliación feita polo alumnado dos materiais, actividades...
- Opinións do alumnado trimestralmente sobre o que aprenderon, o que máis lle gustou ou que lle resultou máis difícil.

Para avaliar a programación o Departamento ten previsto facer:

- Memoria final da programación anual cos obxectivos logrados, cumprimento da programación, modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica, propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso e análise dos resultados da avaliación final do alumnado.
- Enquisas para cada materia con modelos semellantes aos recollidos no Anexo.

# COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Trátase dun departamento pluripersoal, formado por Diego Sánchez Pereira e María Sande Vidal (Xefa Departamento).

Materias a impartir: Economía da Empresa de 2º Bacharelato, Economía de 1º Bacharelato, Economía 4º ESO, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial de 4º ESO e Iniciación á Actividade Emprendedora e Financeira de 2º ESO.

## ANEXO I: MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O departamento de Economía propón a seguinte ferramenta como mecanismo de revisión trimestral da programación didáctica e poder así modificala para tratar de corrixir a desviación con respecto ao obxectivo marcado no seguinte trimestre:

ASPECTOS AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores de desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			



## ANEXO II: INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

No departamento non só se avaliará a aprendizaxe do alumnado senón que tamén se avaliarán os procesos de ensino e práctica docente, para o cal establécense como indicadores de logro nesta programación didáctica unha serie de ítems sobre os que reflexionar como docente para adoptar medidas de mellora:

### CUESTIONARIO I

Ítems	SI	PODO MELLORAR	NON
Establezo claramente os obxectivos da materia			
Estimo que os obxectivos poden ser acadados pola maioría do alumnado			
Calculo o tempo que levou adicar a cada un dos obxectivos			
Estimo o tempo que o alumnado vai ter para cumprir os obxectivos			
Preparo as actividades que o alumno realizará na clase			
Potencio mecanismos de autoavaliación do alumnado			
Decido o método que vou utilizar			
Preparo exemplos suficientes para aclarar os conceptos que explico			
Informo aos alumnos sobre a programación da materia			
Transmito ao alumnado o meu interese pola materia			
Ofrezco distintos puntos de vista sobre o mesmo aspecto			
Presento un esquema do que vamos tratar na clase			
Destaco o contido fundamental da clase			
A estrutura das explicacións é organizada e clara			
Utilizo recursos expresivos na aula (tono de voz, xestos, etc)			
Solicito que o alumno participe na aula con preguntas e respostas			
Superviso as actividades que se realizan na clase			
Os materiais empregados na clase son os axeitados			

Son respetuoso co alumnado			
Manteño o interese do alumnado na aula			
Comento en cada tema a bibliografía relevante			
Resumo o tratado na clase			
Establezo criterios para valorar os coñecementos dos alumnos/as			
Comunico estes criterios aos alumnos/as			
Utilizo distintas formas de avaliar			
O nivel de esixencia axústase ao nivel impartido			
Informo sobre o tipo de proba que se vai realizar			
Verifico que as preguntas formuladas son comprensibles para os alumnos/as			
Propoño aos alumnos/as que realicen unha autoavaliación			
Autoevalúo a miña propia actuación			

Ademais da propia reflexión como docente, elaboro tamén unha colección de ítems que, de forma anónima, contestarán os meus alumnos/as ao final de curso, que contribuirá en gran medida ao proceso de avaliación:

## CUESTIONARIO II

Ítems	Si	Regular	Non
O profesor/a explica con claridade			
É ordenado nas súas explicacións			
É fácil seguir esta materia con este profesor/a			
Fai resúmenes que facilitan a comprensión e retención			
Demostra nas súas explicacións que prepara as clases			
Insiste nos aspectos máis importantes e nos de difícil comprensión			
Distribúe o tempo entre os temas segundo a súa dificultade			
Demostra interese pola materia			
Fala con expresividade variando o tono de voz			
É dinámico na aula e fai a clase amena			
Consigue manter a miña atención durante as clases			

Relaciona os aspectos teóricos con exemplos, exercicios e problemas			
As súas explicacións axúdanme a entender mellor a materia explicada			
Procura que apliquemos os conceptos adquiridos na súa materia			
Gustaríame ter clase outra vez con estes profesor/a			
O clima creado na clase é distendido			
Sabe cando se está entendendo o que explica e cando non			
Fomenta a participación do alumnado			
Resolve as nosas dudas con exactitude			
Dialoga cos seus alumnos/as sobre a marcha da clase			
Manifesta unha actitude receptiva e respetuosa na súa relación co alumnado			
Está disposto a axudar cos estudantes que teñen dificultades			
Proporciona a posibilidade de coñecer e comentar a valoración dos meus exames			
O método de avaliación está claro desde o principio			
Os enunciados dos exames e das tarefas avaliáveis son claros			
A corrección dos exames e tarefas avaliáveis é clara			
As probas de avaliación axústanse á materia explicada			
Fomenta que os estudantes preparemos a materia de forma regular			
Fomenta que os seus estudantes realicen un traballo persoal ao longo do curso			
É unha persoa accesible			
O trato persoal que recibín da súa parte foi correcto			
Trata aos estudantes de forma afectuosa			
Da tempo suficiente para asimilar as cousas que explica			